

CAIXAGALICIA
exposicións



© Leopoldo Nóvoa, VEGAP, A Coruña, 2009

Aujourd'hui personne n'est venue, 1976, (detalle)

Leopoldo Nóvoa

Colección Caixa Galicia

Ata o 6 de setembro

Sede Fundación Caixa Galicia
Vigo



Mercado, vendedoras de castañas, A Coruña, 8 decembro 1925

Ruth Matilda Anderson

Unha mirada de antano

Ata o 13 de setembro

Sede Fundación Caixa Galicia
Lugo



Concello de Lugo



Joaquín Sorolla, Regatas, 1908 (detalle)

Os pintores de Artal

Pintura Española do Museo de La Habana

Ata o 19 de setembro

Sede Fundación Caixa Galicia
Pontevedra



Tomás Hiepes, Dous froiteiros sobre una mesa, 1642. Museo Nacional do Prado

El bodegón español en el Prado

Ata o 20 de setembro

Sede Fundación Caixa Galicia
A Coruña



MUSEO NACIONAL
DEL PRADO

únete. divértete. emocionate.
caixagaliciate

FUNDACION CAIXAGALICIA

Liceo

Revista da Sociedade Liceo de Noia - nº 34 xullo 2009





Ex directivo Sr. Seijas coa súa esposa ante o edificio da Sociedade Liceo antes da penúltima remodelación



Penúltima remodelación da Sociedade Liceo na década dos anos 90, levada a cabo pola actual directiva



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email: liceoia@gmail.com
www.liceodenoia.com

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo
CONSELLO DE REDACCIÓN:
Ramón Carredano Cobas
M^ª Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

PINTURA PORTADA:

Víctor Rey Grande

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



O século pasado alcanzou os máis altos expoñentes de civilización, como son a confirmación dos dereitos do home e a devolución da muller á súa liberdade, tamén foi un século de matanzas e guerras, quizais, un dos máis violentos, fanáticos e crueis da humanidade.

Din que o ser humano, aprende dos seus erros, pero visto o visto, nestes comezos do século XXI, parece que non aprendeu moito, pois as guerras e as matanzas de inocentes, continúan como en outrora, á súa vez hai unha gran crise económica, coas súas consecuencias de fame, e por se faltaba algo, haberá que engadir un previsible cambio climático

Tal como está a situación no mundo, é evidente que a única garantía de supervivencia, poida ser a cultura, non tan só para avanzar, senón para non agravar o futuro.

Ante estes serios problemas con que se enfrenta a humanidade, a cultura simboliza, un principio crave. Pois só unha sociedade culta é capaz de lograr un proxecto de coexistencia e de vida para o mañá.

Por iso a nosa revista desexa contribuír e participar co seu pequeno gran de area a compartir, con honestidade e sinxeleza, un futuro máis factible.

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

Axenda	2
Xaquín e Miguel García, a alma e o corazón da Orquestra París 50 anos como embaixadores de Noia	13
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	
Fútbol	
Noya S.D. 1981/82	19
<i>Ricardo Güeto</i>	
Lingua, políticos e politiquero coa lingua	23
<i>Domingo Campos</i>	
Felipe Paz Carbajal	34
Cervantes nun romántico galego, Jacindo Salas y Quiroga	56
<i>X. Pastor Rodríguez Santamaría</i>	
Atacando muros; graffiti	64
<i>Agustín Agra</i>	
O movemento insurreccional de outubro do 34. A súa incidencia en Boiro	67
<i>Antón Rodríguez Gallardo</i>	
O primeiro gravado de San Martiño de Noia	70
<i>Clodio González Pérez</i>	
O cabalo de vidro de Antón Avilés de Taramancos	74
<i>Pilar Sampedro Martínez</i>	
Poesía	78
Quijote	
<i>Alejandro Bralo</i>	
Recunchos de Noia	79
<i>Pomponius Mela</i>	
Os nosos libros	80
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	



Cándido M. Prego Rajo

Axenda



As festas do San Marcos comezaron o día 17 de abril coa repetición da obra “*As árbores morren de pé*”, adaptación da orixinal de Alejandro Casona, posta en escena polo TEATRO LICEO DE NOIA, que dirixe Ramón Carredano.





O domingo día 19, tivemos un recital de voz a cargo da noiosa ESPERANZA FILGUEIRA, con Paula Gago ao piano. O salón de actos rozou o cheo para ver esta promesa do *bell canto*.




O día 24 actuou o “Trío Nostalgias”, uns amigos xa habituais na nosa Sociedade, amizade que se ve correspondida polos nosos socios que acoden con asiduidade a gozar coa súa música, cada vez que nos visitan.



O día 25 tivemos o Baile de San Marcos coa Orquestra “CENIZA”. E para rematar o día 26, deleitounos coas súas cancións “Montserrat Alonso”.

O xornal “La Voz de Galicia”, do día 25 de abril na páxina 11 de CULTURAS, publica un artigo de Ramón Nicolás que titula “MISTE-RIOS EN PRAGA”.– “Xerardo Agrafoxo ofrece unha novela sostida nuns alicerces que conxugan o sentimental co detectivesco”. E comeza a súa crítica da novela “*O violinista de Malá Strana*” de **Xerardo Agrafoxo**, colaborador fixo nesta Revista, como segue: “*Sen dúbida, qué mellor que a cidade de Praga para acoller o pano de fondo mais substancial, con categoría protagonista, dun libro como o que asina Xerardo Agrafoxo, no que as resonancias de corte libresco, literario ou cultural, diagraman ou cruzan as súas páxinas desde o comezo até a súa conclusión. Non se pense, poren, que O violinista de Malá Strana é unha novela dirixida a unha selecta e reducida franxa lectora. Antes ben, ao meu parecer, Agrafoxo sabe dosificar distintos elementos que acoran a súa proposta a xéneros de amplo espectro...*”



XERARDO
AGRAFOXO.
Arquivo: La Voz de
Galicia



Os xornais “*El Correo Gallego*” do día 8 de maio, venres, na Área de Compostela, páxina 35, e “*La Voz de Galicia*” do día 14 de maio, xoves, na Área de Barbanza-Muros, páx. L10, fanse eco da celebración do “**Certamen Grabado Atlante**”, convocado polo “Museo de Grabado a la Estampa Digital de Artes” que deu a coñecer os gañadores, entre os que figuran persoas de Costa Rica, Alemaña, Arxentina e España, que aportaron un total de 300 obras. Entre os premiados cabe destacar no apartado dedicado a artistas de Barbanza, cunha dotación de 1.200 € á noiosa **María Teresa Creo Romero**, recibindo neste mesmo apartado mención honorífica **Dominga Jesusa Lago Lago**, ambas as dúas da *Escola Taller de Gravado “Alfonso Costa”* do Liceo de

Noia. Os premios entregáronse en xullo no transcurso dunha exposición das obras presentadas. ¡FELICIDADES!

A propósito deste premio o xornal “*La Voz de Galicia*” do día 26 de maio, na páx. 2 de “Barbanza-Muros-Noia”, publica unha entrevista de M. X. Blanco, con María Teresa Creo Romero, con este título “*Aprender da man de Alfonso Costa é un luxo*”, para engadir: “*Noia sempre foi terra de artistas, pero agora é cando a senté está verdadeiramente movilizadada*”, “*... o gravado é unha técnica apaixonante. Hai que marcar unha prancha, metela no ácido, sacala, facela por tempos... o resultado sempre é unha sorpresa que se descubre á hora de estampar*”.



MARÍA TERESA
CREO ROMERO.
Arquivo: La Voz de
Galicia



No mesmo xornal deste día na páxina 16 da mesma Sección, Camilo Franco entrevista á escritora **Eva Veiga**, co título “*A POESÍA NECESITA SAÍR DOS LIBROS PARA VOLVER Á XENTÉ*”, e comeza a súa entrevista con esta presentación: “*Eva Veiga rolda constantemente a poesía, considera imprescindible a súa existencia e asegura que é útil para a sociedade*”.



EVA VEIGA.
Arquivo: La Voz de
Galicia



RAMÓN PIÑEIRO.
Arquivo: La Voz de Galicia

Con motivo das “**Letras Galegas 2009**”, este ano dedicado a **Ramón Piñeiro**, a Sociedade Liceo comezou os actos da súa celebración, cunha exposición dos carteis editados pola Xunta de Galicia a propósito do personaxe homenaxeado.

Os actos lúdicos comezaron o día 15 de maio, cunha actuación para os nenos a cargo do **Grupo Musical “MAMÁ CABRA”**, que estivo moi concorrido e divertido.



O día 16 sábado “**CÁNDIDO PAZÓ**”, fixonos pasar un rato moi ameno cos seus monólogos.



O domingo 17 “**Día das Letras Galegas**”, o profesor D. Domingo Barreiros Lago, director da Coral do Liceo, falounos da vida e obra de Ramón Piñeiro López, homenaxeado neste ano.



A continuación houbo unha **“Mostra de Corais”**, na que interviñeron as corais **“Brisas do Mar” de Corme (Ponteceso)**, **“Ponte das Febres” de Ribadelouro (Tui)** e a **Coral do Liceo**, que despois de cadanseu concerto, cantaron conxuntamente o Himno Galego, que puxo fin solemne aos actos das Letras Galegas 2009 no Liceo.



O venres 22 de maio, con motivo do ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMÍA, persoal do Observatorio da Universidade de Santiago de Compostela **“Ramón María Aller”**, deu unha charla gráfica sobre **“Iniciación a Astronomía”** no salón do Liceo. A continuación, no patio do I.E.S. **“Campo de San Alberto”**, puídemos observar satélites e estrelas do Universo que nos rodea. Moi interesante.



O día 30 de maio o Grupo de Teatro Liceo de Noia, desprazouse á Coruña para participar coa obra **“As árbores morren de pé”**, no XII CERTAMEN DE TEATRO ESCOLAR Y AFICIONADO, organizado polo grupo de teatro **“Candilejas Don Bosco”** do Centro Calvo Sotelo de A Coruña, acadando o **4º premio** á obra (premiábase decorado, vestuario e interpretación), e **catro**

premios a actores destacados, que recaeron en Rosa Caamaño, María Filgueira, Baldomero Iglesias e Ramón Carredano, que recibiron o día 20 de xuño, nun acto programado ao efecto no salón de actos do mencionado Centro Calvo Sotelo.



O día 29 de maio o Grupo de Teatro do IES “Campo de San Alberto” DE BALDE.COM, puxo en escena un acto da obra “PIC NIC” de Fernando Arrabal, unha crítica sobre as guerras, que estivo moi entretida.





O día 5 de xuño, venres, tivemos unha charla informativa sobre doazón de órganos e transplantes, por persoal autorizado da Oficina de Coordinación de Transplantes do Servizo Galego de Saúde.




O día 20 de xuño celebrouse na Área Recreativa de Ceilán a xa acostumada “Verbena de San Xoán”, amenizada pola Orquestra MILENIUM.






Do día 4 ao 25 de xullo expoñen no Salón de Actos do Liceo, os traballos realizados durante o Curso 2008/2009, polos alumnos das actividades de Encaixe de Bolillos, Manualidades, Patchwork e Pintura e Debuxo. Magnífico labor o desenvolvido polas nosas monitoras, e non menos aplicados os seus alumnos/as. ¡Felicidades a todos/as!











Xerardo Agra Foxo

Xaquín e Miguel García, a alma e o corazón da Orchestra París

50 anos como embaixadores de Noia

1. XAQUÍN GARCÍA

Eu nacín no ano 1930 nunha pequena aldea da parroquia de Cures chamada Pumardorrío. Dende pequeno ía á escola de Boiro e asistía a unhas clases particulares de música que impartía na vila unha profesora que se chamaba dona Victoria. Despois fun estudar solfexo e piano co pai de Paisal, o fundador de *Os Tamara*. Comía na súa casa en Palmeira. Dende un principio decateime de que tocaba o piano bastante ben e, por consello de meus pais, que eran uns humildes labregos no val do río Coroño, decidín dedicarme á música.

Todo comezou cunha inesperada visita. Unha mañá estando en Palmeira veume a coñecer o señor Tomás, que era propietario dun baile que había na localidade de Xuño. No local actuaba seu fillo, que tocaba o acordeón, e Constantino Pego, o *Gitano*, que cantaba por un embude e, ademais, tocaba a batería. O señor Tomás falou con Paisal, que tiña moita sona como músico, e contratoume ao momento. Así comecei a miña vida profesional. O



XAQUÍN GARCÍA, NATURAL DE PUMARDORRÍO (CURES), TIVO COMO PRIMEIROS MESTRES DE MÚSICA A DONA VICTORIA EN BOIRO E AO PAI DE PAISAL —O FUNDADOR DE OS TAMARA— EN PALMEIRA.

que máis interpretábamos eran os temas de Jorge Negrete.

Daquela eu tiña dezoito anos e viaxábamos en bicicleta ou andabamos a través dos camiños e corredoiras. Apenas había coches nin autobuses. Como non se podía levar un piano polas festas, encargueille un acordeón a Poceiro, pero tardou case dous anos en chegar. En Xuño cobraba ao redor de 60 pesetas, pero cando actuábamos noutros sitios, como no baile de Gumersindo en Tállara, chegaba a gañar unhas 75. Nas bandas cobrábase menos.

2. BRASIL

Despois fundei cuns amigos a *Orchestra Brasil*. Estiven nela entre os dezoito e os vinte e tres anos. Nun principio eramos cinco músicos: Chéché, Mario, Moncho de Cruído, o *Gitano* e mais eu. Despois uníronse outros, como Prudencio e Alberto Romo, Arturo de Bralo e un gaiteiro que é parente do alcalde de Lousame. Comezamos a viaxar en coche. Contratábamos o automóbil de Perfecto de San Xusto. Tamén lle alugamos uns altosfalantes a Manolo do Bravo, que tiña un negocio na Carreiriña de Noia. Actuamos en moitas festas e bailes, pero só nos domingos, porque os sábados a xente non saía. Eran outros tempos e había poucos cartos e gañas de divertirse. Ademais de tocar o piano, eu facía os arranxos orquestrais, os contratos e dirixía os ensaios. A través do teléfono que había




FOI NO ANO 1957 CANDO, DESPOIS DE PASAR UNHA TEMPADA EN OS BEIROS DA PONTE NAFONSO, FUNDOU A ORQUESTRA PARÍS.

no Café da Terraza, que era o número 22, recibía as chamadas das comisións de festas ou dos diferentes bailes que existían na zona. Cobraba ao redor de 400 ou 500 pesetas. Tamén se facían contratos por carta.

O traballo era duro. Por exemplo, ao chegar a Ponte Oliveira, como non pasaba o coche, porque non existían nin estradas nin pistas, tiñamos que ir camiñando ata o lugar onde era a festa, mentres os instrumentos se transportaban nos carros de vacas, en carretas ou os levabamos nós ás costas. O repertorio preparábo eu a partir dunhas partituras que me enviaba unha casa de música coa que estaba subscrito. Sobre todo tocabamos os temas de Antonio Machín e Pepe Blanco. Naquel tempo os bailes remataban cedo, ao redor da unha, como na época de *Os Pasales*.

3. OS BEIROS

Por diferentes motivos deixei a Brasil e fun parar *Os Beiros*, unha orquestra que era da Ponte Nafonso. Comigo veu o *Gitano*. Non só cantabamos nos bailes, senón que tamén actuabamos nas procesións e nas misas solemnes. Pero



XAQUÍN GARCÍA SÓ TIÑA DEZAOITO ANOS CANDO FUNDOU —XUNTO CON CONSTANTINO PEGO, O GITANO— A ORQUESTRA BRASIL.

nunca saímos de Galicia. Nun principio viaxabamos nunha rubia do Peixeiro, é dicir, nun coche que era propiedade dos Autos Dosil. Despois iamos nun automóbil do señor Ramón Parcero. Competiamos con outras orquestras por Pontevedra, Vigo e A Coruña. A maioría dos músicos tiñan unha actividade paralela. Traballaban preferentemente de carpinteiros ou cultivaban as súas terras. Nos *Beiros* os arranxos orquestrais facíaos Eugenio, o fillo do director, o señor Xosé Lestón. Lembro que cando actuabamos na Terraza de Ludivina cobrabamos ao redor de 40 pesetas por noite.

4. PARÍS, 1957

Despois de estar uns catro anos en *Os Beiros*, fundei con outros músicos a *Orquestra París*. Creouse hai cincuenta e dous nos, concretamente no 1957. Cando comezamos gañaba xa unhas mil pesetas ao mes. Recordo que no primeiro ano fixemos cada un unhas 13 mil pesetas. Pero tamén tiñamos máis gastos. Os fundadores da *París* foron, ademais de eu (piano) e o *Gitano*, (cantante), Benito Priegue (saxo), Francisco Martínez (trombón), Santiago Pedrosa (batería), Modesto García (saxo), Francisco Molinos (trompetista), Xosé Fernández Les-



O RECOÑECIDO MÚSICO TOCANDO O PAOLO SOPPRONI QUE LLE TROUXERA DE ITALIA, HAI PRETO DE CORENTA ANOS, UN VECIÑO DE CADARNOXO POR DEZ MIL PESETAS.

taio (trombón) e Xaime, un saxo da Serra. Despois de viaxar nos coches de varias empresas, compramos un Mercedes para realizar os desprazamentos. Ningún de nós tiña coche e sempre viaxabamos xuntos. Todos cobrábamos igual, agás eu, que por facer os arranxos, preparar os ensaios e realizar as contratacións levaba un 5 por cento máis.

No segundo ano xa cobramos 17 mil pesetas. Un dos éxitos da orquestra era, sen dúbida, o *Gitano*, que gustaba moito pola súa voz e personalidade. Durante o inverno só actuabamos os domingos, pero, ademais das festas e bailes, participabamos nos funerais, nas vodas e nos aguinaldos.

Tivemos un pequeno problema cando nas igrexas se fixo a separación entre o relixioso e o profano. Así, non puidemos actuar nos enterros que eran unha importante fonte de traballo. Pero tocamos en toda Galicia e o noso nome comezou a ser coñecido en todas as provincias.

5. PAIS VASCO

Ademais de traballar nas diferentes festas que se organizaban en Galicia, actuamos en Asturias. Lembro que nunha ocasión fomos ao concello de Degaña, que era

o lugar a onde ía Franco a cazar faisáns. Contratounos o alcalde, que era un mutilado de guerra, por medio dun tío de Xaime que traballaba alí de zapateiro. Estivemos tocando varios días seguidos, sen parar.

Tamén estivemos en Ponferrada e en Bilbao. Ao País Vasco fomos porque había moitos galegos que celebraban as Festas do Apóstolo e queríannos escoitar. Estivemos en Ondárroa, Sestao, Baracaldo, Motrico e Pasajes. Foron once días de constantes actuacións. A primeira vez que saímos ao estranxeiro foi cando viaxabamos a Portugal. Contratounos un axente e daquela era unha pequena aventura porque había que levar o pasaporte para atravesar a fronteira. Sobre todo actuamos preto da raia, en Monzón e en Vilanova da Cerdeira, onde as nosas actuacións eran sempre moi apreciadas.

6. MIGUEL GARCÍA

Eu nacín no ano 1959. Cando tiña dezaseis anos comecei a estudar música cun harmonio vello. Logo fun ao Conservatorio de Santiago, onde me deu clase de piano o profesor Brage. Comecei a actuar na orquestra que dirixía meu pai porque un día me dixo que precisaban un baixo. Os principais temas que tocábamos eran as rancheiras, os pasodobres e as cancións mexicanas. Eran temas que eu xa consideraba desfasadas para aquel tempo. Non podíamos competir co ritmo que imprimían grupos como *Os Players*, *Cunters*, *Duendes* ou *Os Santos*. Había que renovarse ou morrer. Xurdira outro mercado que debíamos explotar.

Estiven na orquestra ata que marchei para o servizo militar no ano 1979. Entón coincidiron dúas cousas que posibilitaron que eu realizara o cambio que precisaba a orquestra: meu pai enfermou do corazón e no Cuartel de O Ferrol coñecín a Blas.

7. BLAS

El traballaba con seu pai de fontaneiro en Redondela. Tocaba a guitarra, cantaba nas misas e era gaiteiro na Banda Militar. Un día díxenlle: “Vente comigo, que vou formar unha orquestra completamente renovada”. O *Gitano*, que era meu padriño, xa deixara de cantar e a orquestra que dirixira meu pai rematara un ciclo. Entón comezamos a loitar por conseguir un concepto diferente, conservar o nome e tocar cancións modernas. Deixar os ritmos que aínda tocaban a *Compostela*, a *Sintonía* e *Os Satélites* e interpretar outros estilos máis modernos. Sen dúbida, era unha aposta moi arriscada, pero Blas, que era unha persoa moi activa e competente, seguiume. A sorte foi coincidir xuntos no mesmo momento. Comezaba unha nova etapa.

8. LONDRES E SUÍZA

Dende aquela non paramos. Actua-



Á VOLTA DO SERVIZO MILITAR, POR CULPA DA ENFERMIDADE DE SEU PAI, MIGUEL GARCÍA LIDEROU XUNTO CON BLAS UN NOVO PROXECTO MUSICAL PARA A ORQUESTRA PARÍS DE NOIA.



“NESTE TRABALLO O FUTURO NON EXISTE, TODO É PRESENTE, UNHA SEMANA QUEDA LONXE”, AFIRMA MIGUEL GARCÍA CON ROTUNDIDADE.

mos por toda Galicia. Facemos ao redor dunhas 200 actuacións ao ano. Durante a tempada de verán hai meses que traballamos os trinta días. Coñecemos todos os recunchos da nosa xeografía. Aínda que temos moita competencia, o noso traballo é respectado en todas as partes. Ao principio, coma na época do meu pai, tiñamos que montar e desmontar nós. Agora todo cambiou. Só temos que estar no escenario dúas horas antes para realizar as probas de sons. Despois imos cear e, normalmente, facemos dous pases de hora e media cada un. Cando chegamos á casa son as cinco ou as seis da mañá. Sería desexable que as comisións programasen as actuacións para acabar máis cedo, pero de momento non é posible. Acabamos sempre moi tarde, aínda que non haxa moita xente durante o último pase. Como ultimamente están de moda as Festas da Mocidade, que rematan ás cinco ou ás seis da madrugada, xa conectamos a noite co día.

Fixemos varias actuacións en Suíza e Londres. Á capital inglesa convidounos o Centro Galego. Estivemos alí varios anos. En Suíza, cando había máis emigrantes, fomos en varios ocasións a Berna, Zurich e Xenebra.

9. PORTUGAL

Agora viaxamos sempre nun microbús, que é noso. Temos vídeo e aire acondicionado. Unhas horas antes saen os encargados de preparar a montaxe. En total formamos unhas empresa de 22 persoas. Faise unha convocatoria, pero cada un pode viaxar no medio que desexe. O importante é estar no lugar indicado á hora precisa. A montaxe leva unhas catro horas.

Tamén fomos moitas veces a Portugal. Alí as festas son diferentes. O público do país veciño non quere bailar, quere escoitar. Contrátante para que lle ofrezas un espectáculo que sexa, sobre todo, moi vistoso e coa música a todo volume. Os lugares onde actuamos sempre están moi engalanados. Empregan diferentes tipos de adornos, floreados e uns fogos artificiais impresionantes. Pero nos últimos anos, debido á crise económica que arrastran, apenas nos contratan.

10. CUBA

A maioría dos músicos que temos neste momento son cubanos. Por que? Son excelentes profesionais, teñen a música na alma, levan moitos anos tocando. Para interpretar determinados ritmos son únicos. As cumbias, as salsas e os merengues só eles son capaces de interpretalos coa vitalidade que se precisa. Son moi bos músicos, arreean o que queren, teñen unha excelente formación e no campo das trompetas, pianistas e percusionistas son os mellores.

Normalmente os contratos realizámoslos por ano. Pagámoslle haxa poucas ou moitas actuacións. Eles cobran por mes. Na orquestra hai 13 músicos que viven en Noia, Bertamiráns, Vilagarcía ou A Coruña. Ensaiamos dous días á semana. Pero tan difícil como ensaiar o programa dos temas a interpretar –que deseño xuntamente con Blas– é preparar a escenografía. Un día dedicámolo á música, e o outro á coreografía. Cada ano cambiamos de escenario, traxes e repertorio musical. Normalmente, os mércores acoden a Portobravo, onde temos a nave dos ensaios, os cantantes; os xoves, veñen os músicos. Os venres, sábados e domingos, actuamos sempre, verán ou inverno.

12. LUAR

Dende hai uns anos contrátannos a través da empresa Espectáculos Lito. El ten unha oficina central e varios



XAQUÍN GARCÍA, O PASADO HONROSO DA PARÍS DE NOIA, E MIGUEL GARCÍA, O DIRECTOR DA ORQUESTRA MÁIS RECOÑECIDA DE GALICIA.

axentes por cada comarca que se encargan das conversas coas comisións, sociedades ou salas de festas. Desta maneira o traballo é máis cómodo. Non temos que andar nós releando o prezo de cada actuación. Lito leva unhas 70 ou 80 orquestras de Galicia. Pero tamén hai outras empresas como Espectáculos Sito de Arzúa ou Zona Sur de Pontevedra.

Como hai moita competencia, tes que dar o mellor en cada actuación. Ten que ser algo fresco, nada esquemático e con moito ritmo. Non se pode parar durante a hora e media de cada pase. Debe ser contundente para os ollos do espectador e diferente con respecto ao que fan outros grupos. A coreografía é deseñada por nós, aínda que nalguna ocasión precisamos da axuda dalgún profesional da danza para ensaiar certos movementos que resultan complicados.

Pero este mundo do espectáculo é moi duro. Os gastos levan o 80 por cento dos ingresos e o público esixe o cento por cento. Por estes motivos, moitos profesionais cánsanse, queren marchar tan pronto remate a temporada e, ás veces, tamén hai enfados, os mesmos que en calquera outro traballo.

Ultimamente a xente tamén nos recoñece porque actuamos varias veces no *Luar* e noutros programas da Televisión Galega. Non é fácil porque temos que gravar antes os temas que imos a interpretar. Logo debemos esperar a que pasen polo escenario os outros convidados ao programa, e perdemos moito tempo por só dous temas. Tes a vantaxe de que non sofres os problemas que moitas veces atopamos cando actuamos ao aire libre: viaxar por malas estradas de noite, o fluído eléctrico, o mal tempo e a complicada montaxe do escenario. Pero algún día temos perdido máis de dez horas no *Luar*.

12. PARÍS DE NOIA

Un día decidimos realizar a publicidade poñendo á beira do nome da orquestra o lugar de onde procedíamos. Coido que este pequeno cambio obedeceu a que a xente preguntaba: “E vós, sodes a París de Noia?” Foi o público o que fixou este nome, e así o rexistramos. Estamos moi orgullosos de ser uns embaixadores de Noia. Coide que sendo Noia unha vila coñecida e histórica, nós tamén contribuímos a propagar o seu nome. Ultimamente, cando no 2007 cumprimos o 50 aniversario, Rafa agasallounos cunha placa conmemorativa que di así:

*Excmo Concello de Noia
á
Orquestra París de Noia.
No seu 50 aniversario.
50 anos de éxitos. 50 levando
o nome de Noia alí onde actúan.
Noia, 23 de agosto do 2007.*

A verdade é que nos gustou que se lembraran de nós. Sentímonos recompensados por tantos anos de levar o nome de Noia por todos os escenarios onde actuamos.

13. PARÍS, 2057

O futuro non existe. Todo é presente. Aquí, neste traballo, o realmente importante é o día a día, unha semana queda



“SEGUIREMOS LEVANDO CON ORGULLO O NOME DE NOIA. SEGUIREMOS SENDO OS EMBAIXADORES DE NOIA POR ONDE VAIAMOS”, CONCLÚE MIGUEL GARCÍA CON NOBREZA E ENTUSIASMO.

lonxe. Afrontamos o futuro sen medo. Sabemos que temos que adaptarnos a todas as innovacións que xurdan nestes anos, pero coido que saberemos facelo. Tamén presentímonos que seguiremos adiante tendo en contra tres premisas fundamentais: primeiro, as gañas de traballar; segundo, a vocación; e terceiro, que tamén é importante, unha miga de sorte. Se somos uns bos profesionais, temos ansia e nos favorece a fortuna, non haberá perigos no horizonte.

Por outra parte tamén hai que ter en conta unha cousa, unha realidade propia da nosa terra. Aínda que o espectáculo é, dende un punto de vista tecnolóxico, cada día máis esixente, en Galicia temos unha cultura diferente, imos con máis calma en moitas cousas. Dentro duns anos teremos no escenario máis luces e máis son, unha escenografía máis complexa e uns instrumentos máis sofisticados, pero coido que seguiremos cantando a *Rianxeira*, os pasodobres e as rancheiras mexicanas. Seguro. Un exemplo moi doado de comprender: nos anos 80 Blas cantaba *El rey*. Agora, vinte anos despois, este tema segue no noso repertorio.

Somos un pobo de emigrantes e universais, de xente do campo e da cidade; un crisol que posibilitará que sempre triunfe nos escenarios a mestura de ritmos. Seguiremos adiante se somos capaces de recordar as nosas orixes, a nosa cultura e o noso estilo, os tres lemas que sempre exhiben con entusiasmo os músicos da *Orquestra París de Noia*. Seguiremos levando con orgullo este nome. Seguiremos sendo os embaixadores de Noia. Chegaremos ao 2057? Coido que si!

NOTA :

Na entrevista a Dalibor Sebestík (núm. 33, abril 2009), onde dicía: “Diante del, sen inmutarme, espeteille: *Ruso, grazas polo seu concerto*”, debía dicir: “Diante del, sen inmutarme, espeteille en ruso: *Grazas polo seu concerto, mestre Rostropóvich*”.



Ricardo Güeto

Fútbol

Noya S.D. 1981/82



Despois de deixar a tempada pasada volvíamos de novo a Rexional Preferente no se grupo Norte.

Sería Presidente D. Miguel Paz (3ª tempada) pero a metade da tempada foi relevado por D. Raimundo Videla que presidiría unha xestora.



RAIMUNDO VIDELA

Esta tempada o banco estivo moi movido pois o seu primeiro adestrador sería o mítico “Matito” que só duraría unha xornada pois pediu a dimisión, logo collería o Club outro noiés neste caso Moncho Petisco pero por culpa dunha lesión tivo que relevalo José Ramón Agrafojo máis coñecido por “Mon” e por suposto tamén noiés, para logo terminar a tempada unha vez reposto da súa lesión Moncho Petisco.

O equipo estaba composto polos seguintes xogadores: Severo, Ramón e Juan Jesús (Porteiros), Currucho, Tono Insua, Estanis, Tito, Noni, Pablo, Mario, Juanatey, Pibe, Paco de Vigo, Tomás, José Francisco, Paco de Noia, Macho, Pancho, Lugo, Picón, To e algún xuvenil como Fran, Augusto e Javier.



NOYA S.D. 1981-82 NO CAMPO DE CORCUBIÓN. DE PÉ: TELLA (DIRECTIVO), TONO, RAMÓN, CURRUCHO, S. RAMÓN, ESTANIS, NONI, PETISCO. DE XEONLLOS: PACO, NACHO, JUANATEY, TOMÁS, MARIO.



ESTANIS, XOGADOR DO NOYA

As altas foron José Francisco (Atalaya), Pablo de Vigo (Riveira), Pablo (Outes).

As baixas de Lete (O gran Capitán), Leis, Braulio, Enrique, Segundo e Alfonso (que iría o Riveira).

Este grupo Norte de Rexional Preferente estaba composto por 20 equipos que eran os seguintes: Camariñas, Noya S.D., Corcubión, Jove Lago, Ribadeo, Barallobre, Campanal, Foz, Sada, G. Mugaridos, Sarriana, U. Cee, San Tirso de Abegondo, Endesa de as Pontes, C.D. Boiro, Chantada, C.D. Eume, Meirás, Ferrol At., Milagrosa de Lugo.

O campionato comezaría o 6/9/81.

1ª VOLTA

Xornada 1ª - 6/9/81: Camariñas 1 - Noya 0, no campo Hermanos Patiño primeira derrota do campionato.

Xornada 2ª - 13/9/81: Noya 1 - San Tirso 1, no campo de San Alberto con gol de Tono, un empate que non gustou á afección.

Xornada 3ª - 20/9/81: Campanal 1 - Noya 0, nova derrota ante un débil equipo.

Xornada 4ª - 27/9/81: Noya 1 - Sada 0, con gol de Tono de penalti o primeiro triunfo dos noieses no campionato.

Xornada 5ª - 4/10/81: Eume 3 - Noya 1, campo moi malo e pérdese ante un gran rival con gol de Macho.

REGIONAL PREFERENTE

NO PUDO EL ENDESA CON EL NOYA: 1-1

27 - 12 - 1981

PUNTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ. - Arbitró bien Rivas Martínez. Mostró tarjeta a Severo y a Corruncho.

ENDESA: Senesteban; Expósito (Calpita), Bermúdez, Cazas, Mundo; Chao, Bellón (Carballo), Pichi; Vilaboy, Beceiro y Juan.

NOYA: Severo; Corruncho, Nani, Lugo, Estanis; Tono, Macho, Pablo, Juanatey, Paco y José Francisco (Augusto).

El primer gol lo marcó para el Noya José Francisco, en el minuto 4, al aprovechar un fallo de la defensa. En el minuto 10 el Endesa logró el empate por mediación de Cazas que marca de cabeza.

Partido de poca calidad con resultado justo. *27-12-81*

Destacaron por el Endesa, Mundo, Cazas y Vilaboy; por el Noya, José Francisco, Macho y Estanis.

CRÓNICA DE LA VOZ DE GALICIA, PARTIDO ENTRE O ENDESA E NOYA

Xornada 6ª - 11/10/81: Noya 4 - Ribadeo 0, vitoria con goleada por parte de Mario, Lugo, Pancho e Macho.

Xornada 7ª - 18/10/81: Boiro 1 - Noya 0, Campo de Barraña, no primeiro duelo Comarcal. Moi boa entrada.

Xornada 8ª - 25/10/81: Noya 0 - Sarriana 0, outro empate no campo de San Alberto cun rival que sempre que visitaba Noia sacaba algo.

Xornada 9ª - 1/11/81: Cee 2 - Noya 1, Campo de las Raíces que como sempre estaba fatal este campo.

Xornada 10ª - 8/11/81: Noya 0 - Chantada 1, nova derrota nesta xornada e non pintaban bes as cousas.

Xornada 11ª - 15/11/81: Milagrosa 0 - Noya 1, campo Angel Carro (Lugo) con gol de Mario, por fin unha vitoria e sobre todo por ser fóra.

Xornada 12ª - 22/11/81: Noya 1 - Mugaridos 2, de novo pérdese pero esta vez ante un gran rival, o gol do Noya marcado por Paco.

Xornada 13ª - 29-11-81: Ferrol At. 3 - Noya 0, no campo de M. Rivera outra derrota do Noya que non gañaba para desgustos.

Xornada 14ª - 6/12/81: Noya 1 - Barallobre 0, por fin unha vitoria na casa, con gol de Tono.

Xornada 15ª - 13/12/81: Foz 0 - Noya 0, no campo Martínez Otero novo empate pero ao ser fóra é un bo resultado.

Xornada 16ª - 20/12/81: Noya 1 - Meiras 0, no campo de San Alberto, gol de Macho que deu un triunfo moi desexado.

Xornada 17ª - 27-12/81: Endesa 1 - Noya 1, campo do Poblado (As Pontes), moi bo empate con gol de José Francisco alias O Gato.

Xornada 18ª - 3/1/82: Noya 2 - Corcubión 1, primeiro partido do ano e gran vitoria con goles de José Francisco e Tono.

Xornada 19ª - 10/1/82: Xove Lago 1 – Noya 0, no campo Municipal de Xove, derrota que se viu minguada coa grave lesión de Noni de morna e peroné.

2ª VOLTA

Xornada 20ª - 17/1/82: Noya 1 – Camariñas 0, remátase a primeira volta cun triunfo ante un frouxo rival, con gol de Juanatey.

Xornada 21ª - 24/1/82: San Tirso 2 – Noya 0, campo Municipal de Mabegondo, con mal comezo desta 2ª volta.

Xornada 22ª - 31/1/82: Noya 2 – Campanal 1, partido moi raro, fállase un penalti e o gol contrario foi en propia meta. Goles de Juanatey e Tono.

Xornada 23ª - 7/2/82: Sada 2 – Noya 0, campo da Chamurra, nova derrota cun campo en pésimas condicións.

Xornada 24ª - 14/2/82: Noya 2 – Eume 0, no campo de San Alberto triunfo ante o líder con goles de Mario e Paco de Noya.

Xornada 25ª - 21/2/82: Ribadeo 1 – Noya 1, no campo municipal de Ribadeo de novo outro empate con gol de Paco de Vigo, eles marcaron de penalti.

Xornada 26ª - 28/2/82: Noya 1 – Boiro 2, como en cada derbi moi boa entrada. O gol marcouno Tono de penalti.

Xornada 27ª - 7/3/82: Sarriana 1 – Noya 2, campo municipal “Da Ribela”, moi bo triunfo para escapar da cola. Goles de Mario e José Francisco, o tanto local foi de penalti.

Xornada 28ª - 14/3/82: Noya 1 – Cee 0, con gol de José Francisco. O Noya tomouse un respiro na clasificación.

Xornada 29ª - 21/3/82: Chantada 2 – Noya 1, o campo de Saguñido estaba en mal estado e moi reducido. Gol de José Francisco.

Xornada 30ª - 28/3/82: Noya 2 – Milagrosa 1, goles de José Francisco “Gato”, o equipo visitante fallou un penalti.

Xornada 31ª - 4/4/82: Mugaros 3 – Noya 0, campo “As Pedrerías”, cae derrotado por un rival que estaba na zona alta da clasificación.

Xornada 32ª - 11/4/82: Noya 3 – Ferrol At. 1, outro importante triunfo no campo de San Alberto con goles de Juanatey, Tono e Tomás.


Xornada 33ª - 18/4/82: Barallobre 3 – Noya 0, campo “Do Remo”, non sentou nada ben esta derrota cun equipo da zona baixa da clasificación.



MARIO, PROMESA NOIESA

"X TROFEO BANCOBAO"
CAMPO DE SAN ALBERTO
NOYA
MARTES DIA 25
A las 7'30 tarde
NOYA - BOIRO
MIÉRCOLES DIA 26
A las 7'30 tarde
ATALAYA - FLAVIA
JUEVES DIA 27
A las 7'30 tarde
Final entre los vencedores
de los encuentros anteriores.

CARTEL ANUNCIADOR DO TROFEO BANCO BILBAO



MONCHO
PETISCO,
ADESTRADOR
DA TEMPADA
1981-82

Xornada 34ª - 25/4/82: Noya 1 – Foz 1, campo de San Alberto, festas de San Marcos e outro empate a 1. Gol de Paco de Noia.

Xornada 35ª - 2/5/82: Meirás 1 – Noya 2, importantísimo triunfo cara á clasificación con goles de Pablo e Mario.

Xornada 36 - 9/5/82: Noya 2 – Endesa 1, outra vitoria que cada vez nos distanciaba máis do perigo con goles de Estanis e Paco de Noya.

Xornada 37ª - 16/5/82: Corcubión 0 – Noya 1, con este triunfo el Noya quedábase totalmente fóra de perigo do descenso con gol en propia meta e o porteiro noiés Ramón parou dous penaltís.

Xornada 38ª: Noya 4 – Xove Lago 3, vaia partido de final de liga con 7 goles polos locais marcaron José Francisco, Pablo e Currucho (2).

CLASIFICACIÓN FINAL

1º Eume.....	57 puntos
2º Meirás.....	56 “
3º Cee.....	50 “
4º Mugar dos.....	47 “
5º Ferrol At.....	46 “
6º Endesa	43 “
7º Boiro.....	42 “
8º Chantada.....	40 “
9º Noya	39 “
10º San Tirso	39 “
11º Foz	38 “

12º Sada	36 “
13º Sarriana.....	36 “
14º Ribadeo.....	33 “
15º Milagrosa.....	31 “
16º Barallobre	30 “
17º Corcubión	30 “
18º Campanal.....	25 “
19º Camariñas.....	23 “
20º Xove Lago.....	17 “

O Noya S.D. fixo estes números: X.: 38, G.: 16, E.: 7, P.: 15, G.F.: 45, G.C.: 45. que se repartiron desta maneira G. en casa 13, G. fóra 3, P. na casa 3, P. fóra 12, E. na casa 4, E. fóra 3, G.F. na casa 34, G.F. fóra 11, G.C. na casa 17, G.C. fóra 28.

Os goleadores foron os seguintes: José Francisco (8), Tono (7), Mario (5), Macho (4), Paco de Noia (4), Juana-tey (3), Pablo (2), Currucho (2).

A verdade é que foi unha tempada moi mala sobre todo o principio, logo incorporáronse algúns xogadores como Paco de Vigo e José Francisco e no treito final sál-vase o equipo.

Outros resultados de liga:

Meirás 4 – Ribadeo 0, Corcubión 5 – Sada 1, Boiro 0 – Meiras 3, Sada 4 – X. Lago 2, Foz 4 – Cee 3, Boiro 4 – Corcubión 1, Mugar dos 4 – Foz 2, Foz 0 – Meirás 4, Campanal 4 – Ribadeo 2, Meirás 4 – Barallobre 0, Xove Lago 2 – Ferrol At. 4, Eume 4 – Xove Lago 0, X. Lago 2 – Ribadeo 4, Sada 7 – Campanal 1, Corcubión 2 – Mila-grosa 4.

Algúns árbitros da preferente foron: Martín Combo, Pardo Andon, San José Veiga, Parga Roca, Veiga Martí-nez, Pardo Oca, Arias Burgo, Martínez Brión, Crespo Barciela, Costas Comesaña, Ferreiro Acuña e outros.

Trofeo Banco de Bilbao xogouse Boiro, Atalaya e Noya no partido final o Noya e o Atalaya empatan a 1, e o trofeo é para o Noya na quenda de penaltís.

Outros datos: Trofeo Concello de Noya: veteranos do deportivo 3 – veteranos do Noya 0.

Amigables: Negreira 2 – Noya 4, Finisterre 1 Noya 2.

Os xuvenís foron segundos na liga pero por aliñación indebida do Esteirana fan campión ao Noya nos despa-chos que xogarí a fase de ascenso contra o Deportivo xuvenil quedando eliminado. O partido de Noya foi de 1 a 3 a favor dos coruñeses.

No próximo artigo falaremos de outra etapa do Noya S.D., concretamente da 1982/83 onde podemos adiantar que foi moi boa e con ascenso a 3ª división.



Domingo Campos

Lingua, políticos e politiquero coa lingua

Wai persoas que propenden á mitificación daqueles outros que teñen salientado nos ámbitos da ciencia, literatura, arte ou en calquera das actividades humanas prestixiadas sen decatárense de que é sempre inherente á propia condición humana a existencia de luces e sombras en todo periplo vital, aínda que resulte obvio recoñecer que en distintas proporcións segundo a persoa da que se trate.

O pasado 17 de maio o concello lugués de Láncara lucía as mellores galas para homenaxear a un personaxe culto, reflexivo, discreto e afable, a “un grande da cultura galega”, a un intelectual prestixioso, a un político singular e a unha figura histórica do galeguismo, **Ramón Piñeiro**; quen tampouco se zafou en vida de recoñecementos amigábeis, de críticas, de polémicas e de rifas máis ou menos acedas, ao que este ano se lle adicou o **Día das Letras Galegas**,

Mais, ese mesmo día unha multitudinaria manifestación, que rebordaba todas as previsións, percorría as rúas e prazas compostelás, desafiando a choiva constante que en ocasións se transformaba nun verdadeiro diluvio, coreando consignas a prol do idioma galego. Como sempre acontece nestes casos a concorrencia foi obxecto de diverxentes valoracións. Mentres a policía contaba 20.000 persoas, a organización cifraba a asistencia en máis de 50.000. Este dato, ao meu xuízo, malia te-la súa importancia, resulta secundario. O realmente transcendental é que por primeira vez –que lembre- nun Día das Letras Galegas unha marea humana saía en defensa do idioma común.

E, por que? As respostas a esta pregunta, dende o punto vista dos manifestantes, pódense sintetizar deste xeito: **o actual goberno galego, co seu presidente á cabeza, está a crear un estado de opinión hostil ao idioma**. Xusto o contrario do que pretendían Ramón Piñeiro e outros galeguistas históricos, que compartían a necesidade de facer do galego un idioma de encontro, do

que ninguén nin se sentira nin estivera excluído. Certamente o idioma non ten siglas, nin ten cor política, nin pode ser vítima de políticas oportunistas e irresponsábeis. O galego debería ser sempre motivo de consenso entre todas as formacións partidarias e tería que quedar sempre á marxe de idearios e debates políticos. En verdade, todo o contrario do que está a acontecer, na miña opinión.

Por aquelas datas un sector amplo da poboación, que abranguíra diferentes sectores e colectivos, opinaba que tiñamos un goberno que, antes de cumprilos cen primeiros días de xestión, estaba a principia-la división social cunha proposta electoral, demagóxica e impracticábel que tentaba reduci-la presenza do galego nos centros de ensino en flagrante contradición co que vén acontecendo dende hai trinta anos, provocando danos irreparábeis cuestionando a capacitación da lingua propia do país definida nas leis e asentada na convivencia e, ademais, inmiscindo o eido educativo na cerna das batallas políticas e ideolóxicas.

O día 28 tamén daquela maio nacía co amencer a terra de Outes. Era unha luz de mañanciña que facía brillar ceibe o día. Unha mañá esplendorosa que provocaba o devezo de beber fulgor e o soerguemento dos montes en verdor circundando a florida e multicolor seara.

Era festa en Outes: **a festa da entrega do X Premio Leixaprén, “de reco-**



DIRIXENTES DO PP NA PROTESTA DE GALICIA BILINGÜE. (Fonte: El País)

ñecemento á defensa da lingua”, a Mardelira e o acto da homenaxe póstuma ao poeta outense, Domingo Saldón Rodríguez. Era aquel un día dunha riqueza infinda que contrastaba coas néboas baixas no val e coas sombras no xardín da lingua. **“A lingua é un patrimonio de todos, e debe servir de vínculo de unión e non de desfeita social”**, aseveraba a coordinadora provincial dos equipos de normalización lingüística, Mercedes Queixas Zas. A miña opinión vai máis aló: é imposible a supervivencia de Galicia como pobo diferenciado sen a lingua, ou non?

No marcapáxinas que o ENDL do IES “Poeta Añón” de Outes, organizador dos actos, confeccionara para ocasión podíase le-lo seguinte poema:

**Somentes se conserva
o que se ama;
só se ama o que se coñece.
So se coñece o que se comprende
e só se comprende o que nos ensinan.**

Baba Dioum (Senegal)

Feita esta introdución, resístmome a ir de seguido debullando polo miúdo todo o acontecido encol da polémica suscitada polo uso do galego no ensino por aquelas datas, nas anteriores e en datas sucesivas, a situación da que se partía, a singularidade do inquerito proposto pola Consellería de Educación aos pais, as distintas reaccións que provocou... Tempo máis axeitado virá, probabelmente. Iso si, deixando constancia das opinións do presidente do Consello da Cultura Galega, **Ramón Villares Paz**, encol do conflito en torno ao Decreto de Normalización Lingüística, ao inquerito ou plebiscito sobre a lingua e ao consenso lingüístico, pola autoridade do personaxe e a súa contrastada rigorosidade na temática que nos ocupa (Galicia Hoxe, 28-06-09): “(...) Hai un debate político en torno á lingua, e hai unha desafección dunha parte da sociedade galega respecto do galego. E está o triunfo da mensaxe, que non comparto, de que aquí hai inmersión lingüística. O que obriga a pensar para o futuro políticas lingüísticas distintas. Sería un erro moi forte que esas políticas lingüísticas se pensasen como unha contraposición galego/castelán, pois o futuro é o multilingüismo. Imaxinemos que toda a xente pasase a falar en español e abandonase o galego. Que utilidade tería iso para Galicia? Eu non acabo de velo. Temos máis valor falando galego, español e inglés que soamente falando español e inglés. A xente non se dá de conta que iso supón que te teñan en conta, que te respecten un pouco. Os partidos políticos teñen que facer un exercicio de realismo e responsabilidade, baixar o diapason e entrar nunha situación de certa concordia, que eu creo que si é posible. Hai que considerar a lingua non como un problema senón como un recurso.... O plebiscito da lingua son os falantes. A consulta que está en marcha deriva dun compromiso electoral; é unha solución só para iso. Isto levanta un aire de sospeita sobre a lingua. A mensaxe está clara; abriuse a veda sobre a lingua galega. O cal é lamentable. Pois unha cousa é que baixe o número de falantes, e outra que se culpabilice unha lingua. Temos que ter en conta que, polo menos a medio prazo, Galicia non será nin monolingüe galega nin monolingüe española... Iso esixe administrar da forma máis intelixente uns recursos, que son dúas linguas. Nisto estamos implicados todos, por iso as solucións teñen que ser integradoras e non provocar unha fractura... No debate que se abriu hai unha falacia. Os galegofalantes somos bilingües e os que están promocionando a idea dunha Galicia bilingüe, no fondo fano contra o galego, propugnando no futuro unha Galicia monolingüe e non unha Galicia bilingüe (...). Deixando constancia desta autorizada opinión propoño centrarme de seguido, nesta achega, no informe da FAES

que cualifica ao idioma propio de Galicia de “**creación artificial**”.

O INFORME DA FAES

Neste informe que leva por título “Las paradojas de la “Normalización” del gallego” (Andrés Freire, 17-04-09, nº 95) afirmase: “(...) En España, este fenómeno de expansión de una koiné empezó pronto. Sin duda, la naturaleza de la reconquista fue clave al respecto. Gentes de diversos territorios, que intermezclaban dialectos romances y vascones, conviven en territorios escasamente poblados y hallan pronto esa revolucionaria koiné que pasará a llamarse castellano. Desde Alfonso X, la variante castellana se convirtió en la lengua romance de prestigio en el Occidente peninsular.

Sin embargo, en los últimos treinta años, este proceso histórico ha sido puesto en entredicho. La ignorancia de algunos y el interés de otros han aunado esfuerzos para revestir este proceso de siglos con la excusa de que estamos ante una anomalía resultante de un supuesto “imperialismo castellano”. Esta política, inusitadamente denominada “normalización”, **es la última de las extravagancias que atraviesa la historia de España (...)**.

Cuando todo empezó, no existía “el gallego”. Lo que había era una suma de variantes lingüísticas que, por comodidad, llamábamos gallego (...)”.

Pola contra, Ramón Piñeiro establece tres períodos históricos que nos permiten comprender a verdadeira situación da nosa lingua e as súas perspectivas nunha carta dirixida ao profesor-doutor portugués, **Manuel Rodríguez Lapa** (Cartas para os amigos. Edicións El Correo Gallego, 1992): “(...) No primeiro período –de varios séculos–, o galego foi unha lingua con pleno desenvolvemento cultural, tanto para os usos literarios como para os xurídicos, administrativos ou políticos. Acadou unha vixencia social do máximo prestixio, non só nas camadas populares senón nas aristocráticas e cortesás. O prestixio do galego como lingua literaria transcendía a área xeográfica de Galicia e dominaba nas cortes de León e de Castela, nas que Alfonso IX, Fernando III e Alfonso X foron protectores ou cultivadores entusiastas da nosa lingua como instrumento poético. Todo isto, que é ben sabido, cómpre telo presente para non esquecermos que **o galego non aparece na historia como unha lingua “rural”, “vulgar”, “plebea”, senón como unha lingua de pleno desenvolvemento cultural e máximo prestixio social (...)**”.

Desa lingua literaria, dese instrumento poético ao que se refire Ramón Piñeiro ha dici-lo Marqués de Santillana



LÁNCARA, 17 DE MAIO. HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO. FEJOO COS PRESIDENTES DA RAG E DO CCG. (El País, 28-6-09)

en pleno século XV: “Non ha mucho tiempo cualesquier deçidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa”.

Xa que no informe da FAES se fala dunha coiné é preciso matizar que a lingua da lírica medieval é unha lingua poética convencional, unha coiné empregada por poetas non só galegos e portugueses. Aínda que o lirismo trobadoresco galegoportugués ten como centros principais as cortes de Castela, León e Portugal e a maioría dos poetas son galegos e portugueses, tamén os hai doutras procedencias: de Provenza, de León, de Castela, de Cataluña, de Aragón, do País Vasco...

Cómpre salientar que galego e portugués foron unha soa lingua ata o século XIV. As diferencias vanse marcando debido a unha diferente situación política. O portugués fixa unha variedade culta estándar ao converterse en lingua oficial dun Estado. O galego non acadou

ría unha situación normalizada polo que tampouco fixaría unha lingua estándar, aínda que conservaría unha sorprendente unidade lingüística.

Seguimos co informe FAES: “(...) La lengua vulgar (o galego) sobrevivía en entornos populares. El aislamiento de Galicia había permitido su supervivencia, justo al tiempo que tantas otras variantes lingüísticas hispanas (leonés, aragonés, mozárabe, murciano...) desaparecían; y el **analfabetismo del campesinado gallego hizo el resto**. Cuando el romanticismo llegó ya tardío a Galicia, una minoría intelectual luchó por convertirla en lengua literaria, **creando un gallego poético algo artificioso**”.

Para comezar, o galego non era unha lingua “vulgar”, como xa se acreditou; aínda que si teño que recoñecer que co desprazamento do poder político cada vez máis lonxe de Galicia, primeiro León e despois Castela, e ao non conseguí-la nosa nobreza (clase dirixente do país) a independencia tantas veces procurada ao termos pechados os vieiros da expansión territorial, a influencia de Galicia foi perdendo pulo e entrou nun período de decadencia literaria, ao tempo que a lingua propia ía quedando reducida ao seu uso oral polas clases

populares, que foron as que a mantiveron viva de xeración en xeración ata a actualidade. Mais, tamén é preciso salientar que sobreviviu aínda nun tempo unha escola de trobeiros, chamada galego-castelá, e que cos “Reis Católicos” finou a esperanza galega de sermos independentes. Estes “Reis Católicos” **castigaron ou executaron aos derradeiros condes galegos que lles facían fronte**, substituíndoos por gobernadores, notarios, nobres... procedentes de Castela aos que lles repartiron todos os poderes sobre Galicia, proceso definido polo historiador, coetáneo daqueles reis, cronista de Fernando o Católico e nada sospeitoso de actuar a prol deste país, **Xerónimo de Zurita**, deste xeito: “**La doma y castración de Galicia**”. Estas son as razóns fundamentais do porqué, despois dun período tan esplendoroso para a nosa lingua, van vir tres séculos nos que case non hai produción literaria. Son os denominados “**séculos escuros**”. En resumo, as ameazas e agresións sufridas polo idioma galego, obrigándoo a se repregar no ámbito coloquial, chegaron de fóra.

Rubén Benítez, ao estudar *El dios del siglo*, tendo en conta os traballos precedentes de Núñez Arenas e Brown, chega a conclusións propias, negando que se trate dunha novela de realismo romántico, e vendo nela influxos de Larra e Espronceda e asemade un xogo de antíteses de orixe romántica. Destacan na obra as críticas á burocracia e a preocupación pola política internacional e o escravismo, pero o mellor son, sen dúbida, as descrições, que mostran influxos de Hugo, Dickens e Sue nas pinturas das clases baixas madrileñas, cun estilo natural e sinxelo para concluír que é novela de valores fóra do común, que merecería ser editada modernamente. Así e todo non deixa de lembrar, con Montesinos, que o costumismo non se pode confundir co realismo, porque a descripción está unida a unha concepción da Historia que nega a dialéctica, que é a base da novela mesma. No mesmo volume Marrast emparenta a poesía de Salas con Lamartine e as *Orientais* de Hugo, con escasas pegadas de Byron, pero cunha sensibilidade profunda e extrema sen o virtuosismo dos modelos, censurando que ao final da súa vida Salas virara cara a un trobadorismo pseudo-histórico propio do romanticismo serodio, sen esquecer que os defectos principais da poesía do galego son a monotonía e as caídas no prosaísmo, chegando ao final a unha postura conservadora sen a rebeldía romántica.

No, polo demais magnífico libro de David Thatcher Gies, *El teatro en la España del siglo XIX* (1996), non se cita a Salas y Quiroga máis que para anotar o seu rexeitamento de *Carlos II el Hechizado* de Gil y Zárate, sen prestar atención ningunha ao seu teatro. Para o seu papel de xornalista atópanse algunhas referencias de interese no traballo de María C. Seoane na *Historia del periodismo en España* (1983). Pero un repaso crítico á figura de Salas non pode ignorar a súa recepción en Galicia,

A GALICIA.

Oh! manso Sil, que entre espadanas corres...
Oh! Miño, que reflexas en tus olas
Palacios antiquísimos y torres,
Bandera de las glorias españolas.
¡Quién pudiera en la noche sosegada
Cuando la luna solitaria brilla
Surcar, bajo el dosel de tu enramada,
Ondas que nunca el huracán humilla.
Y en un batel que coronaran flores,
Siendo remos mis manos cariñosas,
El ángel darte á ver de mis amores
Sobre un altar de záfiro y rosas!
Y ¡quién me diera allí de horas tempranas
Narrar cantando la memoria pía,
Cuando de las incantadas aureanas
El pie en las ondas mi mirar seguía!
Así enlazara á mi placer presente
Recuerdos que aprisionan mi memoria,
Y tejiera en mi pecho dulcemente
Delgado estambre de futura historia.
Pudiera el corazón enamorado
Unir así, por lazos de cariño,
El pecho en que está el mío sepultado
Y el santo objeto de mi amor de niño.
Oh! mi madre! ¡Oh Leonor!... Si desde el cielo
Hay ligaduras invisibles que atan
Corazones formados al modelo
En que todos los dones se retratan;

FRAGMENTO DO POEMA A GALICIA DE SALAS Y
QUIROGA

e cómpre lembrar que xa Antonio de la Iglesia o inclúe con dous poemas na antoloxía anexa ao *Álbum de la Caridad* (1862), os titulados “A Galicia” e “Al río Canasi”, pero hai que esperar á *Historia da literatura gallega* de Benito Varela Jácome (1951) para atopar xuízos críticos sobre Salas y Quiroga, a quen considera un guía da mocidade romántica pola súa revista *No me olvidés*. Xúlgao un poeta desigual, con acertos parciais, con caídas no prosaísmo e nos tópicos románticos, pero cun sentimento sostido e sincero, valorando a súa melancolía e a súa nostalxia do pasado, con especial fincapé nos poemas que xa foran incluídos en 1862 no citado *Álbum de la Caridad*. Atopa mesmo nel algúns recursos expresivos que proceden de Góngora e da *Biblia*, sen esquecer o influxo de Martínez de la Rosa e de Béranger. Nos seus versos ve afán de liberdade, separación das regras e negación do romanticismo máis estre-

En Galicia, deixando fóra o artigo xa citado de Otero Pedrayo, o traballo máis actual é o de Cristina Patiño Eirín (2000), no que estuda con relativa amplitude a obra de Salas, onde cualifica *El dios del siglo* de novela híbrida, difícil de clasificar, situada nesa década de 1840 a 1850 na que se fornecen Galdós e outros realistas posteriores, salientando tamén a importancia de Madrid como personaxe dotado de vida nun texto pluridiscursivo. Os xuízos de Patiño parten de Alarcos, Brown, Rubén Benítez, Alborg, Núñez de Arena, Peers e Sebold.

Pero para estudar a recepción de Salas y Quiroga é necesario tamén lembrar a súa presenza en dicionarios literarios, en enciclopedias, repertorios e antoloxías, pois estes son fundamentais na canonización ou non dun autor. Nada mellor que comezar coa popular *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*, a popular *Espasa*, que no seu volume 53, de 1926, inclúe ao autor da Coruña, pero provocando algunhas dúbidas. Cita o xuízo de Cejador sobre a revista *No me olvidés* e sinala as principais obras do autor, pero non *El dios del siglo*, que atribúe a un tal José María Salas y Quiroga, do que non aporta datos biográficos, pero que menciona como autor duns *Ensayos poéticos* editados na Habana en 1845 e dun *Compendio de historia antigua*, editado en 1846. Estes datos pasaron logo ao *Diccionario biobibliográfico de escritores* de Couceiro Freijomil, que tampouco cita datos biográficos de José María Salas. Na *Gran Enciclopedia Gallega* ofrécense algunhas precisións útiles, tales como a procedencia de *Claudia* dunha obra inspirada en Florián, *Claudine*, ou o dato de que o poema “Leonardo” apareceu na *Revista del Progreso*, sen esquecer enumerar algúns dos seus contos.

No *Diccionario de la literatura española e hispanoamericana* (1993), dirixido por Ricardo Gullón, a entrada correspondente a Salas foi redactada por Gloria Rey Faraldos, que cita só na bibliografía a Alarcos e que caracteriza a poesía do galego de melancólica, con ton de desamparo e soidade. José M. González Herrán e Ermitas Penas Varela inclúen a Salas y Quiroga na *Cronología de la literatura española III* (1992), o que contribúe positivamente ao coñecemento de Salas, pois a obra é selectiva ao ter que elixir un número relativamente pequeno de autores españois dos séculos XVIII e XIX. Ademais dos datos biográficos cita todas as súas obras agás os artigos e contos, aínda que si os seus cadros de costumes, pero non sinala que algunhas das obras citadas sexan traducións. Tamén Manuel Gomez García o inclúe no seu *Diccionario de teatro* (1997), pero só cita dúas das súas pezas, “*El Españolito*” e “*Claudia*”.


Aparece, iso si, cun tratamento máis amplo no *Catálogo de dramaturgos españoles del siglo XIX* de Tomás

Rodríguez Sánchez, que engade as obras teatrais *Lorenzo*, un drama de 1837 e *Luísa*, unha adaptación de 1838, catálogo que inclúe ademais referencias bibliográficas, o que nos permite coñecer que tamén o galego Francisco Lanza Álvarez o incluíu na súa enciclopedia *Dos mil nombres gallegos* (Buenos Aires, 1953), así como Piero Menarini, con outros autores, no volume *El teatro romántico español: 1830-1850. Autores, obras, bibliografía* (Boloña, 1982), e que xa no século XIX o fixo Eugenio de Ochoa nos seus *Apuntes para una biblioteca de escritores españoles contemporáneos, en prosa y verso*, que se editou sen data en París. Tamén Josefina Rivera tivo en conta a Salas y Quiroga no seu *Diccionario de literatura Puertorriqueña* (San Juan, 1970) e Sainz de Robles no seu *Ensayo de un diccionario de la literatura* (1964).

Poucas veces, non obstante, aparece Salas y Quiroga nas antoloxías, que son fundamentais para a difusión dos poetas e narradores. Se ben en 1862 Salas y Quiroga era antologado por Antonio de la Iglesia e tamén por Leandro Saralegui y Medina en 1886, co seu poema “*A Galicia*” na antoloxía *Galicia y sus poetas*, raramente aparece nas antoloxías de poesía do século XIX, pois mesmo unha antoloxía tan extensa como a editada por Francisco Rico *La poesía española III. Del romanticismo a nuestros días* (1991) exclúe as producións do autor galego. Tampouco Luis Alberto de Cuenca introduce textos de Salas na súa escolma *Las cien mejores poesías de la lengua castellana* (1998), exclusión que xa se dera na homónima antoloxía de Menéndez y Pelayo. Así e todo Salas si foi escolmado por Jorge Urritia na súa *Poesía española del siglo XIX* (1995), pois aparece cos poemas “*El critiano. En Oriente*”, “*Él*” e “*El emigrado*”, e así esta antoloxía é unha das poucas formas accesibles hoxe en día de chegar á obra do autor galego. Menos sorte tivo a narrativa de Salas, pois Rafael del Moral exclúe todas as súas obras da *Enciclopedia de la novela española*. Tampouco o famoso *Diccionario literario* de Bompiani, que é unha referencia importante, ten en conta ao autor galego.

JACINTO SALAS Y QUIROGA E CERVANTES

En 1830 represéntase en Madrid a comedia en verso *Sancho Panza, gobernador de la Ínsula Barataria*, de Salas, que non sabemos se se conserva. A seguinte vez que Cervantes é citado polo autor é no prólogo ás súas *Poesías* de 1834, onde aparece a carón doutros clásicos como fontes cara ás que debían volverse os románticos para escapar do excesivo influxo da literatura francesa, o que é un claro indicador do seu nacionalismo cultural, polo demais típico no Romanticismo, que quizais estivo



ÁLBUM DE LA CARIDAD

influído polas publicacións e as posturas de Agustín Durán.

Pero, para entendermos como vía Salas y Quiroga a Cervantes, contamos cun relativamente longo artigo deste romántico, publicado en 1844 en *El Laberinto*, co título “*Cervantes y sus obras*”. A revista fora fundada polo escritor costumista Antonio Flores e nela colaboraron importantes autores románticos. O traballo comeza facendo un repaso pola vida de Cervantes, en xeral bastante acertado, dado que nesa altura e xa dende fins do século XVIII se coñecen moitos datos da vida do autor do *Quixote*, e a este coñecemento contribuíu Martín Sarmiento, ao conseguir dar coa partida de bautismo do autor de Alcalá. Só sorprende que Salas anote como data da morte de Cervantes o 29 de abril de 1616, cando neses anos se cría que morrera o 23 de abril, aínda que en realidade morreu o día anterior. Pero nesta panorámica interesan algúns xuízos de Salas, e en primeiro lugar, que sinala a orixe galega da familia de Cervantes, apoiándose no Marqués de Mondéjar, xenealoxista que aseguraba



RETRATO DE CERVANTES NO ARTIGO DE SALAS Y QUIROGA

que a familia Cervantes fora unha das máis antigas que ennobreceran o Reino de Galicia. Estes xuízos parten xa do século XV con Juan de Mena e serán tamén apoiados con bastante rigor por Martín Sarmiento en 1761, aínda que Salas non puido coñecer esta obra pois non se editou até 1898. Tamén Vereza, na súa *Historia de Galicia* (1838) afirmaba a galeguidade da liñaxe de Cervantes. Continúa Salas salientando o descoñecemento que se ten da biografía do autor do *Quixote* entre 1598 e 1602.

Sorprende que, no pensamento dun romántico, se dea tanto peso á crenza de que o tema fundamental do *Quixote* fora mellorar os costumes, eliminando a lectura dos libros de cabalarías, pois Salas y Quiroga asegura que a “*afición á esta clase de libros era general, y en manos del vulgo corrían las obras, de que, con tanto donaire, se burla Cervantes*”. Os románticos, en xeral, ao contrario que Salas, van dar un xiro na interpretación do *Quixote*, sacándoo das interpretacións cómicas que se facían no século XVIII, para levar a obra cara a unha interpretación transcendente e esencialista, ás veces vencellando o *Quixote* ao ser de España. Neste sentido Salas é moi conservador e nesa altura de 1844 ten pouco que ver xa coa rebeldía romántica, o que se ve tamén na súa poesía do momento.

Outra opinión sorprendente é a súa seguridade de que a obra non tivera éxito en 1605, o que para el levou a Cervantes ao seguinte: “*Conociéndolo así, compuso Cervantes el Buscapié, sátira ingeniosa y delicada, en que, aparentando criticar el Quijote, daba á sus ignorantes lectores explicaciones, para que entendiesen obra tan maravillosa. La opinión pública varió completamente, y desde entonces fue este libro objeto de la atención del mundo todo, y su autor de la envidia y persecución de los demás autores sus contemporáneos*”. O rumor sobre a existencia de *El Buscapié* corría entre algúns cervantistas dende o século XVIII, pero non se lle daba excesivo crédito, pois ninguén vira nunca a obra. De onde sacou Salas estas afirmacións? Pois é difícil sabelo, porque a falsificación de *El Buscapié* non se producirá até 1848 da man do gaditano Adolfo de Castro, falsificación que causará unha forte polémica, na que participaron importantes escritores españois, mais tamén o galego Manuel Rúa Figueroa. Malia isto, e a que Gallardo e Cayetano Alberto de La Barrera, demostraron a falsidade desta obra, foi costume imprimila co *Quixote* case sempre, polo menos até 1905. Continúa Salas enumerando un importante número de edicións do *Quixote*, entre elas as dúas de 1605 e a de Bowle, de 1781.

Non sente Salas y Quiroga aprecio polo teatro de Cervantes, como o manifesta esta xuízo: “*En los teatros de la Corte representáronse, por entonces, los Tratos de Argel, la Numancia, la Batalla Naval, la Casa de los Celos, y otros dramas de Cervantes que fueron recibidos con mucho aplauso, á pesar del escaso mérito que á nuestros ojos tienen*”. Esta censura ao teatro de Cervantes é aínda de raíz neoclásica, e ten pouco que ver coas posturas doutros románticos que non crían nas regras teatrais do neoclasicismo. Coincide aquí Salas con outros cervantistas do século XIX, como Agustín García de Arrieta, que chega a afirmar, en *El espíritu de Miguel de Cervantes... va añadida al fin de él La tía fingida, obra póstuma del mismo Cervantes* (Madrid, 1814; 2ª ed., París, 1827), que chega a afirmar: “*¿Por qué desgracia, pues, por qué fatalidad, no sólo fue Cervantes el Plauto, o el Molière de su nación, sino que, por el contrario, cuando se dedicó de propósito a hacer comedias las hizo tan insulsas, desatinadas e insoportables, como indignas de su nombre y de la luz pública?*”

Sinala tamén a protección que o galego Conde de Lemos prestou a Cervantes, cualificándoo de “*poderoso señor, natural de Galicia, fue constante favorecedor de Cervantes*”. O Cervantes que interesa a Salas é, fundamentalmente, o do *Quixote*, pois non aprecia nin a súa poesía nin o seu teatro, e as *Novelas exemplares* tampouco merecen moito entusiasmo, “*...sus novelas, en las que*

hai mucha invención y gracia”; o que si reivindica é *Los trabajos de Persiles y Sigismunda*, “...que es, en verdad digno de ser mas conocida de los literatos y estudiosos”.

Conclúe así a súa visión do autor alcalaíno: “*Miguel de Cervantes, orgullo de los españoles, admirado de los extranjeros, menospreciado por sus contemporáneos, y deificado por la posteridad, es un ejemplo mas de la injusticia, ignorancia y ceguedad de los hombres que dejan morir de hambre al mismo, cuya estatua venerarán mas tarde*”.

BIBLIOGRAFÍA

- ALARCOS LLORACH, Emilio: “*Un romántico olvidado: Jacinto Salas y Quiroga*”, *Castilla*, Valladolid, (1943), pp. 161-176, logo en *Ensayos y estudios literarios*, Madrid, 1976, pp. 37-59.
- ALBORG, Juan Luis: *Historia de la literatura española. IV. El Romanticismo*, Madrid, Gredos, 1976, pp. 386-390.
- Álbum de la Caridad. *Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, Madrid, Giner, 1989 (1ª, ed., A Coruña, 1862).
- BENÍTEZ, Rubén: “*Otras formas novelísticas*”, en GARCÍA DE LA CONCHA, Víctor (dir.): *Historia de la literatura española*, vol. 8, *Siglo XIX 1*, coord. por Guillermo Carnero, pp. 643-656.
- BLANCO GARCÍA, Francisco: *La literatura española del siglo XIX*, Madrid, 1909-1912, 3 vols.
- BROWN, Reginald F.: “*Salas y Quiroga. El dios del siglo, novela original de costumbres contemporáneas. Madrid, 1848*”, en *Bulletin of Hispanic Studies*, XXX, 117, (1953), pp. 32-40.
- CALDERA, Ermanno: “*Líricos menores*”, en *Historia de la literatura española. II. Desde el siglo XVIII a nuestros días*, Madrid, Cátedra, 1990.
- CEJADOR Y FRAUCA, Julio: *Historia de la lengua y literatura castellana*, Madrid, Gredos, 1973, 7 v., (ed. facsímile).
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Enciclopedia gallega. Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, III, 1954.
- FLITTER, Derek: *Teoría y crítica del romanticismo español*, Cambridge, Cambridge University Press, 1992, traducción de Benigno Fernández Salgado.
- GÓMEZ GARCÍA, Manuel: *Diccionario de teatro*, Madrid, Akal, 1997.
- GONZÁLEZ HERRÁN, José M. e Ermitas PENAS VARELA: *Cronología de la literatura española III. Siglos XVIII y XIX*, Madrid, Cátedra, 1992.
- GULLÓN, Ricardo (dir.): *Diccionario de la literatura española e hispanoamericana*, Madrid, Alianza, vol. 2, 1993, pp. 1.492-1.493. A voz de Salas y Quiroga é da autoría de Gloria Rey Faraldos.
- LANZA ÁLVAREZ, Francisco: *Dos mil nombres gallegos*, Buenos Aires, Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.
- MARRAST, Robert: “*Otros poetas del romanticismo español*”, en GARCÍA DE LA CONCHA, Víctor (dir.): *Historia de la literatura española*, vol. 8, *Siglo XIX 1*, coord. por Guillermo Carnero, pp. 481-496.
- MENÉNDEZ Y PELAYO, Marcelino: *Estudios en torno al siglo XIX*, Madrid, Atlas, 1944. Edición de Pablo Beltrán de Heredia.
- MONTESINOS, José F.: *Introducción a una historia de la novela en España en el siglo XIX seguida de un esbozo de una bibliografía de traducciones de novelas (1800-1850)*, Madrid, Castalia, 4ª ed., 1980.
- NÚÑEZ ARENAS, Manuel: “*Figuras románticas. El pobre Salas*”, *Alfar*, A Coruña, nº 59, (1926).
- OTERO PEDRAYO, Ramón: “*Los Viajes de Salas y Quiroga*”, *La Noche*, Santiago, nº 11.719, 04-04-1959, p. 8.
- PEERS, E.A. Allison: *Historia del movimiento romántico español*, Madrid, Gredos, 1967, t. II.
- PATIÑO EIRÍN, Cristina: “*Jacinto de Salas y Quiroga*”, en *Galicia. XXXV. Literatura. Escritores galegos na literatura española*, A Coruña, Hércules, 2000, pp. 448-453.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Tomás: *Catálogo de dramaturgos españoles del siglo XIX*, Madrid, Fundación Universitaria Española, 1994, p. 531.
- SALAS Y QUIROGA, Jacinto: “*Cervantes y sus obras*”, *El Laberinto*, Madrid, I, nº 14, 16-05-1844.
- SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de: *Galicia y sus poetas*, Ferrol, 1886.
- SEBOLD, R.P.: *De ilustrados y románticos*, Madrid, El Museo Universal, 1992, pp. 121-125 e 127-131.
- SEOANE, María C. e María D. SÁIZ (Eds.): *Historia del periodismo en España*, Madrid, 1983.
- S.S.: “*Salas y Quiroga, Jacinto*” e “*Salas y Quiroga, José María*”, en *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo Americana*, Madrid/Barcelona/Bilbao, Espasa-Calpe, 1926, t. 53, p. 169.
- S.S.: “*Salas y Quiroga, Jacinto*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, Silverio Cañada, 1974 ss., t. 27, p. 158.
- THATCHER GIES, David: *El teatro en la España del siglo XIX*, Cambridge, Cambridge University Press, 1996. Traducción de Juan M. Seco.
- URRUTIA, Jorge (ed.): *Poesía española del siglo XIX*, Madrid, Cátedra, 1995.
- VARELA JÁCOME, Benito: *Historia de la literatura gallega*, Santiago, Porto, 1951.

Atacando muros; graffiti



Agustín Agra

Sería en extremo difícil rastrexar a orixe dese costume consistente en escribir en portas e paredes ou en pintar sobre os muros. Non sei se un petroglifo é un graffiti ou se quen debuxou un bisonte nunha cova estaba a facer unha pintada; ou viceversa. Tampouco resulta doado distinguir entre ambos termos, graffiti e pintada; malia que quizais o primeiro teña unha intención máis artística e o propósito da segunda sexa o de amosar un texto cun contido político ou social –algún tan coñecido como aquel que se popularizara durante as revoltas de París de maio do 68, e que agora non relacionamos cunha mensaxe escrita na parede: *L'imagination au pouvoir*–. Máis doado para min é o concepto de mural. Quen non ten en mente imaxes de Belfalst ou d'A Habana, cos seus centos de paredes pintadas con temas revolucionarios ou, sen ir tan lonxe, quen non recorda os que durante anos vestiron a Porta da Vila?



Seica xa entre os romanos estaba moi estendido o costume de escribir sobre muros e columnas. Atopáronse múltiples inscricións en latín vulgar con

consignas políticas, insultos e declaracións de amor, xunto cun amplo repertorio de caricaturas e debuxos en lugares como as catacumbas de Roma ou as ruínas de Pompeia, onde quedaron protexidos pola cinza volcánica. Coñécense multitude de exemplos de época máis recente, feitos a mor parte deles por viaxeiros e xentes do mar, que durante os seus periplos deixaban constancia do seu paso mediante os seus pseudónimos ou iniciais marcadas sobre as pedras.

Cando, para a primavera do ano 1943, as tropas norteamericanas entraron en Túnez durante a campaña de África, atopáronse por primeira vez co graffiti: *Kilroy Was Here*. A típica representación amosa unha cabeza e unhas mans asomándose sobre o borde dun valado. Tanto nos seus avances por Italia como por Francia, e finalmente en Alemaña, volvérono atopar unha vez tras outra. Nunca se soubo quen fora o seu autor; aínda que se cre que se trataba dun soldado dunha unidade de Ohio. Despois da guerra o nome *Kilroy* popularizouse sobre os cadernos dos estudantes chegando mesmo a facerse sinónimo de graffiti.



En 1960, *Cornbread* comezou a graffitear enchendo coa súa firma as paredes da cidade norteamericana de Filadelfia para chamar a atención dunha rapaza que lle gustaba. As súas actividades foron moi logo rexistradas pola prensa, creándose unha retroalimentación entre ambas; de cando en vez os xornalistas suxerían unha idea que logo *Cornbread* levaba a termo –alguén dixo que sería fantástico que deixase a súa firma sobre o jet dos Jackson Five cando estes aterrasen na cidade; *Cornbread*

fíxo e a prensa publicouno—. Foron moitos os que comezaron a pintar seguindo o seu exemplo, pasando de poñer a firma en calquera lugar a procurar os lugares máis altos ou máis inaccesibles. A finais dos 60 producírase unha auténtica explosión de nomes sobre as paredes dos edificios da cidade facendo pensar que unha nova forma cultural estaba a nacer en Filadelfia.

Para 1971 as primeiras firmas comezaron a encher os vagóns do metro de Nova York. Dende aquela coñécese como *tag* –etiqueta– a unha firma, normalmente unha abreviatura ou simplemente as siglas; unha forma máis rápida e menos perigosa de deixar a pegada, pois é frecuente que non dea tempo de rematar o graffiti na súa totalidade. Aquela primeira xeración de graffiteiros neiorquinos engadínlle un número ao nome que escolleran; a maior parte deles reflectía a numeración da rúa na que vivían, e, malia que adoitaban facerse dun xeito rápido e fácil de ler, tal e como o artista saía do tren, un *tag* é moito máis que unha simple firma; é unha maneira de expresar o propio estilo.



Máis tarde o graffiteo destes *tags* comezou a sufrir unha evolución no estilo. *Lee 163*, foi o primeiro que uniu as letras para así converter a súa firma nun logo. *SuperKool 223* inspirouse na burbulla dos bocadillos dos cómics para poñer nubes arredor da firma. *Baby Face 86* púxolle unha coroa e *Topcat 126* desenvolveu un estilo de caligrafía ao que chamou *Estilo Broadway*. Logo contornáronse os nomes, espesáronse cun inxector de aerosol industrial e moldeouse un grosor para o alfabeto que fose máis maleable. A finais de 1972 *Phase 2* desenvolveu unha auténtica obra mestra escribindo o seu nome en letras grandes, ocas pero ben formadas, coloreadas e perfiladas, que bautizou como *letras pompa* –*Bubble Letters*–.



Para 1974 fundouse a *United Graffiti Artists*, que conseguiu que os medios de comunicación lles prestasen certa atención. Richard Goldstein escribiu un artigo para unha revista na que incluía un bo feixe de fotos lanzando á fama a toda unha xeración de graffiteiros. A popularidade aumentou coa publicación de *The Faith of Graffiti* (A fe da pintada); un libro no que se amosaban numerosas fotos con firmas elixidas ao chou. Isto levou a que nalgúns círculos o graffiti comezase a ser visto como unha arte. En 1977 a emisora de televisión ABC amosou en que estado se atopaban os trens do metro neiorquino. É posible que fose isto o que levou en 1978 á MTA (Metropolitan Transit Authority) de Nova York a comezar unha loita encarnizada contra o graffiti. Tomáronse medidas como instalar novas vallas máis sofisticadas nas cocheiras dos vagóns de metro, recubrir os vagóns con pintura resistente e aumentar a vixilancia. Promulgáronse leis restrinxindo a venda de pintura aos máis novos, obrigouse aos vendedores a gardar a pintura baixo chave e endurecéronse as penas contra os graffiteiros. Aparte desta guerra coa MTA, xurdiu outro factor antagonista, o crack, que non só se fixo dono da Gran Mazá senón que trouxo consigo todo o que rodea a un mercado negro: cartos e violencia. Non bastou con ter ás autoridades en contra. Os medios de comunicación, a través en moitos casos de campañas políticas, atacáronos na prensa e na televisión, intentando concienciar á xente do mal que as pintadas provocaban. A propia sociedade empezou a volverlles as costas xurdindo brigadas e asociacións de veciños antigraffiti. A resistencia foi inútil. O graffiti comezou a decaer. Había que zafar; uns poucos buscaron artimañas para seguir adiante, outros deixárono, e outros aínda tomaron a alternativa de cruzar o Atlántico cara a Europa, dando a coñecer, xunto coa difusión nos medios, este arte de rúa no vello continente. Para setembro de 1989

limpouse o último vagón, o metro da Cidade de Nova York estaba basicamente limpo.

Tampouco nos levemos a engano. Para entón, malia as dificultades dos artistas neoiorquinos, o graffiti había tempo que se espallara polo mundo. Imitáranse algúns modelos pero apareceran tamén un sen fin de innovacións.




Aínda que xa había precedentes, a partir de finais dos anos 80, e en especial dos 90, adoptáronse novas técnicas. Algunhas delas foron a utilización do aerosol con patróns e o pegado de carteis e adhesivos. Con elas parte do traballo artístico facíase na casa. Logo, na rúa, o traballo era máis rápido, reducíndose o tempo no que o artista estaba exposto a ser descuberto. O patrón ou *stencil* faise recortando un modelo que se traza sobre algún material lixeiro, como o acetato, que permite pintar de xeito rápido un motivo repetido. Frecuentemente se utiliza en combinación cun texto provisto de certo ton social ou político. Os *plantillazos* adoitan amosar un formato máis reducido que os graffitis convencionais e, malia que non sempre é así, supoñen unha volta ao carácter crítico por encima do espírito artístico que anima outras formas de graffiti.

En España o *tagging* con aerosois empezou dunha maneira peculiar, ao



NOIA. 2007

parecer de xeito espontáneo, mentres que no resto de Europa foi por influxo estadounidense. A primeiros dos 80, en plena movida madrileña, varios rapaces novos comezaron a graffitear nas rúas e no metro, con rotuladores primeiro, con aerosois despois. *Muelle* (Juan Carlos Argüello) foi o primeiro en aparecer, arredor do ano 1980, e nos anos seguintes fixérono outros como *Bleck* (a Rata) e *Glub*. Tratábase dun movemento non organizado, con moito respecto entre eles, ao que se chamou *graffiti autóctono madrileño*, ou tamén, dunha forma un tanto despectiva, *flecheros*, pola inclusión de frechas nas súas firmas.



MADRID. RÚA MONTERA

Para 1982 ou 1983 os estilos de graffiti xa eran similares aos do resto de Europa e Estados Unidos. Nos 90 apareceu unha marca de sprays especializados para graffiti, Montana, os cales permitiron a accesibilidade a unha pintura de calidade a un prezo accesible. Dende entón as publicacións, vídeos e páxinas web sobre o tema son innumerables; moitas autoridades locais destinan superficies para a súa execución, e mesmo financian concursos, exhibicións ou festivais de graffiti dentro das súas actividades culturais, parecendo dar a entender que algo nas mentalidades, malia que aos poucos, vai cambiando.

Son dos que coída que a maior parte das veces as preguntas levan a máis preguntas. Comecei preguntando e confesando unha parte da miña ignorancia, acabarei dicindo que tampouco sei cando apareceu na vila a primeira pintada –quizais me falte algún ano para poder articular a resposta axeitada–, pero si sei que as recorde dende ben cativo situadas en lugares estratéxicos, e tamén que en cada ocasión en que saí da casa aparecen ante min. Hai de todo, como en case todas as cousas, dende as máis cutres até as obras de arte a cada cal máis sorprendente. Pola miña parte hai tempo que teño a miña propia resposta, é cousa de cada quen acadar a súa. Graffiti, cultura urbana. Arte ou vandalismo?





Antón Rodríguez Gallardo

O movemento insurreccional de outubro do 34. A súa incidencia en Boiro.

Durante as semanas que precederon a outubro de 1934, cando o goberno da República presidido por Lerroux xa tiña iniciado a súa deriva cara á dereita, fíxose patente que as Executivas estatais do *PSOE*, *UGT* e *Juventudes Socialistas* viñan preparando un movemento insurreccional. Dende a súa saída do Goberno, a finais do verán de 1933, os socialistas foran evolucionando dende as posicións reformistas iniciais ata as posturas revolucionarias que agora defendía baixo a influencia de Francisco Largo Caballero e ante un panorama dominado polo endurecemento da represión contra os traballadores da esquerda, a paralización das medidas sociais e a conspiración monárquica en marcha.

A este proceso de radicalización, do que se desmarcaba o sector liderado por Julián Besteiro, contribuíra decisivamente a aparición na escena política da CEDA, un partido dereitista de masas, non republicano, que ansiaba unha patria totalitaria inspirada na “*gloriosa tradición española*”, e se declaraba disposto a liquidar a revolución; ou sexa, a obra das Cortes Constituíntes, do Goberno de coalición de socialistas e republicanos da esquerda que dirixira o país no bienio 1931-1933. O seu triunfo nas eleccións de novembro do 33, ás que acudira en unión a varios partidos monárquicos e de extrema dereita nunha fronte antimarxista, ía convertela na forza con maior representación no Parlamento e, en consecuencia, situáa en disposición de desmantelar a política do Bienio Progresista.

O receo da esquerda, tanto obreira como republicana, incrementábase en maio de 1934, cando se filtraba á prensa a entrevista que un comisionado do líder da CEDA Gil Robles mantivera co rei Afonso XIII no seu exilio de Francia. Esta noticia, publicada en ABC (6 xuño 1934), confirmaba as intencións cedistas de propiciar a restauración monárquica unha vez acadara o Poder. Santiago Herrero Galindo (1956) afirma que durante este encontro o enviado cedista “*explicó al Monarca la posi-*

ción de su partido y éste quedó muy complacido y de acuerdo con lo que se decía, no sin antes hacer grandes elogios de la CEDA, de Gil Robles, y de lo mucho que esperaba de la organización populista”. Pola súa parte, o historiador franquista J. Arrarás (1965) pon de manifesto igualmente a existencia de negociacións secretas entre a CEDA e o Rei, informando, ademais, dunha entrevista anterior, celebrada en París en xuño de 1933, na que o propio Gil Robles en persoa lle asegurara a Afonso XIII que a República non se consolidaría, pero había que esgotar todas as vías legais para amosar a súa imposibilidade en España.

A realidade política emanada das eleccións a Cortes de novembro do 33, na que o Partido Radical gobernaba co apoio parlamentario e as esixencias da CEDA, podía supoñer, pois, algo máis que a revisión e desmantelamento progresivo da obra das Cortes Constituíntes. Podería derivar na restauración monárquica, o que moi probablemente significaría unha radical involución, que non estaba disposta a permitir a esquerda.

A política reaccionaria levada a cabo, especialmente a referida á lexislación social e laboral, truncaba as arelas de cambio das bases obreiras e incrementaba a radicalización das súas organizacións, nun momento no que a onda de involución autoritaria que inundaba os parlamentos de Europa Occidental,

derivara nalgúns casos, como na Alemaña de Hitler ou a Austria de Dollfuss, en brutais represións contra os partidos comunista e socialdemócrata. Chegado o verán daquel ano 1934, na rúa xa se pregoaba a ameaza de que se a dereita entraba no Goberno habería un levantamento xeral das masas obreiras.

Lonxe dos centros de Poder e as súas intrigas, mais non á marxe do ambiente político e social do momento e da preparación do gran movemento insurreccional obreiro, nas proximidades de outubro do 34 por Boiro circulaban chismes sobre a preparación dalgún tipo de acción por parte da descontenta esquerda local. O escuro panorama laboral que angustiaba aos traballadores asalariados boirenses mediada a Segunda República, agudizábase no caso dos afiliados ás sociedades adheridas á Casa do Pobo, que vían como os seus principios políticos e sindicais constituían un atranco á hora de atopar emprego. A arbitrase da alcaldía nos conflitos laborais rara vez os favorecía, e ante o exceso de man de obra os patróns, na súa lóxica empresarial, seleccionaban aos obreiros menos reivindicativos. Ademais dos problemas coa empresa concessionaria das minas de Lampón, que o 1º de maio derivaran nunha liorta na propia explotación, nos meses centrais de 1934 os socialistas denunciaban ante a Delegación provincial de Traballo a discriminación que sufrían os xornaleiros de “*La Fraternidad*” por parte dalgúns patróns, e tamén daban conta no Goberno Civil dos problemas derivados das contratacións nas obras de reparación do tramo boirenses da estrada de Padrón a Noia, onde se viñan producindo fortes desavinzas entre a *Unión de Canteros y Oficios Varios* e o autodenominado autónomo *Sindicato Obrero* debido ás quendas de traballo. O malestar dos socialistas chegaría tamén á prensa, especialmente ao semanario da Barbanza *La Lucha*, onde quedaría plasmado o seu desacordo co proceder do *Sindicato*



ASPECTO DO BARRIO BOIRENSE DE CIMADEVILA CONTRA OS ANOS 30.

Obrero, ao que vinculaban cos patróns e caciques da localidade.

Nun contexto de crispación e malestar xeneralizado, con rumores publicados na prensa conservadora de que os socialistas boirenses tiñan un arsenal de armas, aparecían na mañá do 7 de setembro unha chea de pintadas contra o Goberno e as xerarquías católicas, que a alcaldía, atribuíndoas aos socialistas, denunciaba ante o Gobernador Civil: “*En la mañana del viernes 7 del corriente –informaba o alcalde Benito Calo-, aparecieron fijados en la Iglesia parroquial, Sindicato Agrícola de Boiro y otros edificios, los siguientes rótulos: No queremos ladrones en el poder. Pedimos el poder para los socialistas. Muera el Papa. El cura os engaña, fijaros en la doctrina de Cristo, y otros, con grandes caracteres y que debieron ser escritos la noche del jueves o en las primeras horas de la mañana de ayer*”.

A partir deste momento a alcaldía vai intensificar o control sobre as actividades dos socialistas, sendo a mínima circunstancia obxecto de investigación; mesmo as xuntanzas daquelas noitiñas de setembro ao pé da ferraxería do dirixente Juanito Somoza *O Chono*, onde, segundo argumentaba o alcalde Benito Calo á Garda Civil para solicitar maior vixilancia, grupos de mozos cantaban o “himno soviético” e daban vivas á revolución social.

O temor do rexedor boirenses ante o ambiente daqueles días previos a outubro, levábase a solicitar do Goberno Civil poder seguir conservando a súa licenza de armas, nun momento no que as autoridades gubernativas declaraban caducadas as licenzas de armas para alcaldes e concelleiros.

Alleos ás sangrentas liortas dos comeneiros do monte Peón, que tinguiran de sangue o verán boirenses do 34, ás supostas conspiracións socialistas ou ás desavinzas de obreiros e xornaleiros en competencia por rebentarse a



BENITO CALO, ALCALDE DE BOIRO DURANTE O PERÍODO REPUBLICANO.



JUANITO SOMOZA, SECRETARIO DA AGRUPACIÓN SOCIALISTA EN OUTUBRO DE 1934

traballar, mozos e mozas de familias acomodadas da localidade estreaban a inicios de setembro a comedia *Muros de Oro*, orixinal do boirense Ramón Fernández Mato, daquela Gobernador Civil de Jaén. O éxito da representación, celebrada en Cimadevila no teatro-cine de Isabel Maestre, era compartido pola tuna da *Juventud Católica*, que amenizara os entreactos, e o coro de nenas que pechaba a velada. Era o contrapunto sereno e señorito a unha vida pública dominada pola efervescencia da reivindicación obreira.

Cando o primeiro de outubro, tras o parón estival, se reinicia a actividade parlamentaria nas Cortes, José María Gil Robles, Xefe cedista, anunciaba formalmente a retirada do apoio do seu partido ao presidente Ricardo Samper. Esta crise desembocará na inmediata formación dun novo Goberno encabezado por Alejandro Lerroux, que, xunto a sete ministros do Partido Radical e un agrario, incluírá a tres da CEDA (Xustiza, Traballo e Agricultura).

A entrada no Goberno dos ministros da CEDA sería interpretada polas Executivas do *PSOE* e *UGT* como un paso máis no camiño da dereita non republicana cara ao control do Goberno e a consecución dos seus obxectivos reaccionarios. En consecuencia, e como xa se viña anunciando, o día 5 os socialistas declaraban a folga xeral revolucionaria en todo o Estado. O Goberno, en alerta dende días atrás, respondía coa proclamación do estado de guerra e a mobilización do Exército. Aproveitando a conxuntura, o día 6 o Goberno da Generalitat de Cataluña proclamaba o Estado Catalán dentro da República federal española, pero ás poucas horas, reducida unha feble resistencia, sería restablecida a normalidade. A folga sería secundada masivamente nas principais cidades e tamén en moitos pobos e vilas, mais na maioría dos casos non pasou dun paro laboral de distinta intensidade e duración, non exento de episodios de violencia e, nalgún caso, vítimas mortais. A excepción estaría en Asturias,

especialmente na súa cunca mineira, onde a alianza dos uxetistas cos anarcosindicalistas e comunistas orixinaba o único movemento armado con trazas verdadeiramente revolucionarias. Para sufocalo sería necesaria a intervención do Exército, incluídas a aviación, varias unidades da armada e as súas tropas de elite africanas. A denominada Revolución de Asturias, dominada definitivamente entre o 18 e 20 de outubro, saldárase con cuantiosos danos materiais e numerosos feridos e mortos por ambas partes, e deixaba nos revolucionarios unha secuela de represión desmedida por parte das forzas gobernamentais.

Contradicindo unha vez máis as infundadas informacións de que dispoñían as autoridades locais, en Boiro nin se atoparon armas nin houbo violencias. Con todo, a aparición o día 7 dunhas follas propagandísticas cualificadas pola prensa conservadora como “*en extremo subversivas y difamadoras contra el Gobierno y su autoridad*”, fora suficiente para que o Goberno Civil ditara orde de arresto contra os irmáns Juan e Victorino Somoza Rebollido, naquelas datas secretario da *Agrupación Socialista* e secretario de actas das *Juventudes Socialistas*, respectivamente, e contra Juan Outeiral Outeiral, vicepresidente da *Agrupación Socialista*, como presuntos autores e distribuidores daqueles panfletos. Uns días despois, e polo mesmo motivo, eran tamén localizados e detidos o secretario da *Unión de Canteros y Oficios Varios*, José Iglesias Peiteado, e outro dos irmáns Somoza Rebollido, Felipe, con cargo de vocal da *Agrupación Socialista*. Todos eran destacados activistas do socialismo boirense, e hai que entender as súas detencións, en ausencia de motivos de peso, como de carácter preventivo ante o temor de que propagaran a insurrección. Postos a disposición da autoridade militar, serían finalmente trasladados, segundo lle confirmaba Victorino Somoza a Elixio Vilaverde (1995), á



O GREGO CLEMENTE MOREIRA ENCABEZOU UNHA ENCARNIZADA CRUZADA CONTRA A ESQUERDA LOCAL.



JUAN OUTEIRAL, VICEPRESIDENTE DOS SOCIALISTAS BOIRENSES EN OUTUBRO DE 1934

prisión da Coruña, permanecendo presos tres meses sen xuízo nin explicación algunha.

No resto da bisbarra, segundo informaba a prensa, a mobilización obreira tampouco tería demasiadas repercusións. Os feitos máis destacables producíanse en Noia, onde os folguistas da Central Eléctrica do Tambre serían detidos polas forzas da Garda Civil e obrigados, baixo vixilancia policial, a reintegrarse ao traballo co fin de que a Central, abastecedora de enerxía eléctrica da maioría da provincia, seguira operativa. Con todo, as detencións preventivas deberon levar a prisión a moitos directivos das organizacións da esquerda obreira, e incluso, como defende Xesús Santos (2005) para o caso de Rianxo, das agrupacións galeguistas.

Como anecdótica pódese considerar a proclamación do comunismo libertario na veciña Illa da Arousa, que durou

tanto como tardou en atracar no seu peirao o vapor coas forzas da orde desprazadas dende Vilagarcía. Despois de realizar uns disparos intimidatorios, as forzas detiveron aos membros do goberno nomeado naqueles días e do comité revolucionario. En xornadas sucesivas practicaríanse novas detencións, ata superar a vintena.

Das informacións facilitadas naqueles momentos por “*La Voz de Galicia*” (13 outubro 34), dedúcese que nas principais cidades galegas a folga xeral, secundada masiva e pacificamente na maioría dos casos, transcorreu sen incidentes de gravidade, salvo en Ferrol, onde resultaban tres persoas mortas, entre elas o director do periódico socialista “*El Obrero*” Angel Mato Peña. Mais do mesmo xeito que no resto do Estado, exceptuados o caso asturiano e a romántica declaración da Generalitat de Cataluña, non houbo mostra algunha de insurrección revolucionaria.

O movemento insurreccional de outubro de 1934 planeado pola beira radical dos socialistas, que lideraba Francisco Largo Caballero, remataba en fracaso, ben porque as masas obreiras non entenderon ou non quixeron entender os postulados revolucionarios, ou ben, caso da cunca mineira asturiana, por derrota militar. En calquera caso, as consecuencias inmediatas para o PSOE e a UGT, e mesmo para os republicanos de esquerda, foron enormes: encarceramento para moitos militantes e dirixentes, exilio para outros, clausura das Casas do Pobo, prohibición das súas organizacións, acoso aos sindicatos, prensa censurada ou suspensión da autonomía de Cataluña, entre outras.

No caso boirense hai que sinalar que como secuela dos sucesos de outubro, despois de ser rexistrados polas forzas da Garda Civil e requisada, xunto a outro material, a súa documentación, a primeiros do mes de novembro eran clausurados por orde gubernativa os centros socialistas de Boiro e Escarabote, ao tempo que quedaban disolvidas as agrupacións que ata a data alí viñan funcionando: *Sociedad Agraria La Fraternidad*, *Unión de Canteros y Oficios Varios*, *Agrupación Socialista* e *Juventudes Socialistas*, por un lado, e *Centro Obrero de Escarabote*, polo outro. Esta circunstancia, xunto ao encarceramento dos seus máis activos elementos, deixaba desmantelado temporalmente o movemento de esquerdas boirense.

O denominado movemento de Asturias dáballes á dereita argumentos de peso para demonizar as opcións políticas de esquerda e cuestionar definitivamente o réxime republicano. A brecha entre uns e outros estaba definitivamente aberta, mesmo en modestas localidades como Boiro.



Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

O primeiro gravado de San Martiño de Noia



Deixa agora, o primeiro gravado de que temos novas da fachada da igrexa de San Martiño é do ano 1884. Digo da igrexa, pois da vila e comarca xa saíran antes algúns, en 1879, 1880 e 1881, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, revista decenal editada en Madrid baixo a dirección de Manuel Murguía.

O gravado da fachada de San Martiño publicouse noutra revista de nome e feitura semellantes, tamén madrileña, *La Ilustración Española y Americana*, no número 12 do ano 1884, correspondente ao 30 de marzo.

O exemplar consta de 8 páxinas de formato grande (dobre folio), con artigos, ilustracións –todas son gravados ao aceiro– e publicidade. Na capa reproduce o cadro “La ‘madona’ de San Francisco” de Andrea del Sarto; o primeiro artigo é “Crónica General” asinado por José Fernández Bremón, ao que segue “Nuestros grabados” por Eusebio Martínez de Velasco e “La misa de ‘Requiem’” de Emilio Ferrai, con varios gravados intercalados: o templete e carroza para a custodia da catedral de Santiago de Cuba, o sartego do cardeal Gil Carrillo na catedral de Toledo, un acólito cun libro nas mans, e un que ocupa a páxina 196 enteira, sen dúbida procedente de Inglaterra, “La guerra en el Sudán.- Batalla de El Teb, el 29 de febrero último; avance del ejército inglés hacia las alturas ocupadas por los insurrectos”. A continuación o artigo “El padre Cámara. Obispo auxiliar de Madrid” de Modesto Fernández y González.


As páxinas centrais (200 e 201) están ilustradas cun único gravado: “Madrid: Vista de los recursos de casación interpuestos en favor de los procesados en la causa de ‘La mano negra...’”, do debuxante J. Comba. De seguido o artigo “Crisis económica en Cuba y medios que exige” de M. Rodríguez Ferrer, no que afirma que a causa fora a abolición da escravitude, non habendo man de

obra de abondo para traballar nos “ingenios” (fábricas de azucre de cana).

En “La quincena parisiense” Pedro de Part describe a vida na capital francesa nos últimos quince días (a crónica está datada o 25 de marzo anterior), e a continuación un gravado a toda plana do cadro de Berndtson, “Cocinero inexperto”. A páxina 205 é a que agora nos interesa: “Monumentos arquitectónicos de España: Noya (Coruña).- Exterior de la iglesia parroquial de San Martín, recientemente restaurada á expensas del Sr. D. Daniel Carballo”, ao que segue o artigo “San Martín de Noya (Coruña)” de R. Faginas Arcuaz. O número remata coa sección “Libros presentados”, publicidade e a última plana ilustrada en parte cun gravado inglés: “La guerra en el Sudán: Trinkitat.- Playa donde desembarcaron las tropas del general Graham y de Baker-Pachá”.

SAN MARTIÑO DE NOIA

Descoñecemos a difusión da revista madrileña *La Ilustración Española y Americana* en Galicia, pero non debía ser moita, cinguíndose a uns poucos casinos e varios subscritores acomodados, dos que quizais algún ata fose de Noia. Pero o importante foi que grazas a este gravado souberon en toda España da existencia dunha interesante igrexa situada nunha vila mariñeira das rías galegas, e que contaba ademais con




FACHADA DE SAN MARTIÑO, DEBUXO DE A. HEBERT (1884).

outros tres templos: Santa María a Nova, San Francisco e San Bernardo (agora sen culto).

O deseño non é moi fiel ao modelo, en particular polo que atinxe á torre do campanario, pero aceptable no resto,

agás a parte central do rosetón que é totalmente diferente a como a debuxou Hebert, pois non coinciden os motivos ornamentais, nin cos actuais nin tampouco coa descrición do artigo que acompaña a lámina:

El rosetón del frontispicio está formado por toros concéntricos, apareciendo en el medio una rosa con cua-



PORMENOR DA LÁMINA DE A. HEBERT.

tro lobulos estelados, á la que circundan doce columnitas en el sentido del radio, fileteando doce portaluces polilobuladas, circundado á su vez por otras veinticuatro columnitas como las anteriores, que filetean igual número de portaluces, un poco mayores que los precedentes, separados en sus extremos por veinte contralóbulos triangulares.

Dende aquela non se fixeron obras de importancia na fachada, agás a supresión do feo engadido barroco sobre a monumental porta para facela máis baixa, construído non sabemos cando, pero quizais a finais do século XVIII, na mesma época en que se reforma o coro, constando nunha das columnas a data de 1791. Tamén se retirou o sinxelo campanil de ferro e a campá do reloxo sobre a torre non rematada, postos alí o ano 1842.

O debuxante que asina a obra, Antonio Hebert, colabora dabondo non só nesta publicación, senón tamén noutras varias da época, pero a dúbida está en saber se tirou o deseño do natural, doutro que lle mandaron ou mesmo dunha fotografía, pois en varios gravados consta esta procedencia. Tampouco consta o gravador, pero quizais fose Severini, que asina moitas das ilustracións da publicación.

Por último está o artigo, “San Martín de Noya (Coruña)” da autoría de Robustiano Faginas Arcuaz, xornalista de *La Voz de Galicia*, colaborador en varios periódicos, autor dalgún poema galego e tamén da *Guía indicador de La Coruña y de Galicia para 1890-91*, impresa na cidade herculina en 1890. O texto é interesante, aínda non deixando de ser unha loa verbo de quen correu cos custos (ou boa parte deles) das obras de restauración do

templo: Daniel Carballo (A Coruña, 1827 – Madrid, 1889), marqués de Barbazón, xornalista e deputado progresista, que de moi novo dirixira o xornal madrileño *La Nación*. Unha monumental estatua de bronce súa modelada por Agustín Querol e asentada sobre un pedestal de granito labrado por Pedro Mariño, campa actualmente nos xardíns coruñeses de Méndez Núñez.

As obras de mellora deberon afectar sobre todo ás fiestras, das que varias estaban cegadas dende antigo, recibindo así máis luz o interior da igrexa e de varias cores, en particular pola tarde, cando peta o sol contra a fachada principal. As novas vidreiras deseñounas o artista noiés Ramón Lira Castro (que conta cunha rúa ao seu nome), pero foron feitas en París, onde había talleres artesáns que seguían traballando de xeito semellante a como se facía este delicado labor na idade Media.

Estas vidreiras, colocadas nas fiestras e nos rosetóns no mes de agosto do ano 1883, son as mesmas que se poden admirar actualmente.

Rematamos este pequeno comentario cunhas verbas sobre a indumentaria das cinco persoas que están diante da fachada: visten a tradicional da comarca de finais do século XIX, tanto os dous homes (monteira, camisa, chaleco, faixa, calzón curto aberto polo exterior da perneira, cirolas brancas, polainas e zapatos), como as dúas mulleres e a nena (pano da cabeza, chambra, dengue, saia, mandil e zapatos). Pero cómpre ter en conta que esta era a roupa dos veciños da contorna, pois tanto os señoritos coma os burgueses da vila xa adoitaban vestir nesta época “á moderna”: os homes con pantalón de perneira longa, camisa, gravata, chaqueta e alta chistera; e as mulleres imitando no posible os modelos que se usaban nas capitais, sobre todo en París.

O cabalo de vidro de Antón Avilés de Taramancos.

Pilar Sampedro Martínez

Unha obra escrita na década dos cincuenta e que permaneceu inédita ata a actualidade, cando aparece no fondo dun baúl e lle é entregada á profesora Aurora Marco para a súa publicación.

Cando a obra vira a luz eran os anos da Coruña, os tempos que Avilés fabulara *durmindo debaixo do piano de cola da casa de Pachola Rilo*, quen dá noticia da obra. Os tempos nos que este escritor con devezos de normalización lingüística, escribiu unha historia que semella formaría parte dunha “Biblioteca dos Meniños” por ser esa a inscrición que coloca na parte superior do texto.

Biblioteca dos Meniños, imaxinada por alguén que non é mestre nin ten relación cos nenos a parte daquela imprescindible de ter sido rapaz e non ter historias que ler no seu idioma, tal como lle sucedera a Manuel María e o fixera escribir aqueles *Soños na gaiola* que todos lemos. Hai algo máis sensible que a necesidade de soñar o propio? Por iso falamos de normalización lingüística, cultural e imaxinativa. E só o nome de Biblioteca dos Meniños nos emociona, porque así era Avilés, sensible a todas as necesidades culturais e atento a cada unha delas. Tamén nos emociona o feito de lembrar, unha vez máis, que o país non foi quen de acoller a homes coma el ofrecéndolle as oportunidades necesarias para que puideran levar a cabo as ideas filantrópicas que tiñan e que terían transformado o entorno...

Cando deixaremos de darlle as costas aos grandes poetas? Hai pouco, alguén recordaba a vergonza de saber que Celaya –o poeta que nos dixera que “a poesía era unha arma cargada de futuro”– morrera esquecido por todos e cando xa estabamos na democracia... Da mesma maneira teremos que seguir lembrando a aqueles que tiveron ideas para mellorar Galicia e non puideron levarlas a cabo porque ninguén lle prestou a atención debida.


É este *Cabalo de vidro* un conto maravilloso que sigue o ronsel daqueles que naceran para dar de ler da mesma maneira que o pan e o leite daban de comer. Un conto que teríamos que situar a partir daquelas *Fábulas* de Amador Montenegro Saavedra publicadas en 1897, o primeiro libro en galego dirixido aos rapaces e rapazas. Pero, sobre todo, seguindo as iniciativas das Irmandades da Fala que pensando que a supervivencia de Galicia só sería posible se as xeracións vindeiras crían na Terra e na Fala, fundan as Escolas de Ensiño Galego e promoven a literatura infantil no noso idioma. Así nacen obras como *O rei avarento* de Vicente Risco, *Os nenos* ou *Agromar.Farsa para rapaces* de Filgueira Valverde, *Conto de guerra* de Camilo Díaz Baliño, *Teatro dos nenos* de Álvaro de las Casas ou *Margarida, a do sorriso da auro-ra* de Evaristo Correa, o primeiro conto de fadas en galego. Aquí, si, tal vez aquí, neste punto, haxa que situar *O cabalo de vidro*, ao pé dos grandes creadores da Xeración Nós e da súa maneira de estar no mundo desde Galicia. Era o rexurdir do idioma literario para os meniños nos anos anteriores á guerra, logo, a brecha abriuse e a longa noite de pedra tapouno todo, ata que nos anos cincuenta son creadas editoriais como Galaxia que nos sesenta volven a pensar na rapazada. Entre uns e outros, nos cincuenta, aparece o primeiro libro de poesía infantil máis alá do mar inaugurando o xénero, e algún outro entre os que se atopa este de Avilés que quere situar o maravilloso na nosa lingua e no noso país.

Por iso, a min este conto fállame da sensibilidade do autor de cara a dotar a literatura galega daquelo que se necesitaba... Non me importa se as obras se poden definir como maiores ou menores; o autor é grande –tal como se ten demostrado desde todos os puntos de vista–, sóbralle obras para gravar o seu nome e as súas palabras na historia das literaturas; o escritor está comprometido co idioma e cos soños do país, el soña os seus propios soños e busca que se estendan e sexan soñados por moitos outros.

Porque a fantasía agroma na obra... Marabillosas son as “Terras do Escuro Bosco”, o pazo feito de mármore e os paxaros de nácara labrado, as mazás de ouro recendente e as fontes cantareiras e limpas aínda que parezan do máis normal... Marabillosa é a Furna da Infinda Escalreira que se atopa “segundo a ourela do río monte enriba, perto de tres sobreiras irmáns que se ven dende lonxe”. É marabillosa o Cabalo de Vidro cinguido con arreos de ouro e esmeraldas que turra do Carro da Brétema, a caixa de prata forrada de plumas de ouriolo e de pardal na que se deben xuntar os anacos de vidro –nos que se desfaga o cabalo– co fume da labarada de San Xohán no mencer do día do santo, para que o cabalo se forme de novo, por segunda e única vez. É marabillosa o agasallo que o vello lle entrega á nena que fora boa con el aledán-dolle os últimos anos da vida, a nobre Xohaniña dos

ollos blaus, que trenza as espigas raíñas, dálle herba ós años pequenos e chama polos pitos. E nesos labores tamén hai moito de marabillosa pois as fillas de cabaleiros non acostuman facer eses traballos, agás cando delas fala Avilés, igual que fixera naquel poema “Ergueuse El Rei, como facía antigamente” no que o soberano colle o arado. Eis a marabilla, un rei arando no pomar! Porque a nobreza está na terra, só na terra e no traballo. Ao reler o poema caemos na conta do paralelismo entre as dúas obras; no conto fállase de como Xoaniña voa sobre os sete reinos no carro da brétema, recorrendo nun intre: ríos cantareiros que moven os reducios de moitos muíños, mozas bailando en roda, lavandeiras que lavan e aturuxos que esgazan o vento, os boscos cheos de silencios e de sonmas, os maínzos e as ribeiras brancas, bandadas de pombas ou de gavotas, mentres soa a música milagreira de gaita,... E no poema podemos ler “Pideu cabalgadura: /o reino enteiro percorreu nun soño, e recontou as pombas, / as centeeiras, fixo conta das brétemas, das urces e de todo / canto lle pode pertencer a un rei. A xente andaba / aserrando nos souts, plantando nos faiedos, arando / desde a beira do mar. Cantaban como cantan, aferrollados, / os vellos pobos do mencer.”

Outra pegada de Avilés, que recoñecemos, é a presenza do propio, o nome do pai: Beltrán de Noal, os Sete Reinos da Brétema que a editora relaciona moi acertadamente coas sete provincias, os corvos que non son corvos, os noivos saíndo en ledo viaxe polos garridos vales e serras silandeiras onde a brétema coroa os cumes e aloumiña os maínzos... mentres o cabaleiro Beltrán de Noal sorría tranquilo na fiestra do pazo... ou frases como “Amañoulle coa man os soaves cabelos a Xohaniña” ou “A risa a tombos polo val” que poderíamos recoñecer e poñer nos seus labres.



Hai elementos que se poderían repetir en calquera lugar ou calquera historia deste tipo, como iso de que o Trasno Pepón veña da Montaña Bermella a descansar das falcatruadas feitas e descubra o segredo de Xohaniña, ou a tristura que aniña no corazón do cabaleiro facéndoo enfermar e levándoo ó leito, ou atopar o pazo envolto en silencios e escuridade. Aínda que aquí nos poida chamar a atención que é un home o que enferma de tristeza; a dor é así; tamén a nena doída pola perda do compañeiro, esqueceuse de todo “con ela estaban tamén tristes os paxaros, as fontes e os camiños”, o panteísmo... E a sabedoría, pois pasou o tempo que todo o pode, e “un soleado día de abril volveu a nena a sentirse leda, arelaba aloumiñar de novo as rulas e coller pomas douradas nas maceiras”.


Igual que en *Tres capitáns de tempos idos*, o xenio do autor evidénciase entre o humor e a frase de vello que nos trae mil e unha reminiscencia, a maneira de falar ... “-Vouche levar a cas de teu pai, porque a vin triste e valeira sen a túa presenza”, “-¡Cantas noites sen sono! ¡Cantos días sen acougo! ¿Quen che apartou de min que me deixou malferido? -Dixo o pai, e logo dirixíndose ao trobeiro -”Trougueches a luz á miña casa cando todos estabamos cegos. Conta dende hoxe que eres un fillo máis da nosa caste e has de acadearte sempre á miña dreita” ao que contesta. -“Herdei dos meus maiores un pazo e verdes terras onde a súa filla será ditosa”.

Eis un conto marabilloso, no que a maxia semella facer das súas, un conto de trasgos e nobreza (se non reis e princesas si cabaleiros e meniñas que se fan mozas, trobeiros –Brión– en vez de príncipes), pero co riso e cacharadas dos trasgo, cancións de namorados e queixosas coplas que lembran o seu fogar e os seus eidos, o mozo que a des-

encanta / salvándoa, e pide a súa man ao pai... Hai do de sempre, pero hai do propio, está a sensibilidade que se reconece: os nomes, as personalidades, as creacións; o imaxinario propio, a Terra do Escuro Bosco que percorrerá máis tarde Ferrín ou Cabana, está o tempo indefinido que foi ou está por ser cando os reis labran e as nenas de boa familia miran polas pitas... está o tempo que é e non é (o cabalo e o carro percorrendo o mundo nun instante, a meniña facéndose casadeira nun vira vira...)

E unha preguntase: e agora, que se fai con esta obra que nos chega tan tarde no tempo? Que faría eu con esta obra? Unha peza que responde a un momento determinado, ao desenvolvemento concreto dunha literatura e que nos tempos actuais tal vez resulte un tanto estraña para os nosos rapaces. Eu collería a obra na man e botaría de menos uns nenos aos que lerlle desde a voz familiar ou a da escola unha obra que alguén escribiu pensando neles, observaría as súas reaccións, preguntaría polas sensacións que lles esperta e poñeríalos a crear outras historias nas que as nenas e os nenos lles fagan compañía aos vellos e eles poidan facerlles agasallos marabillosos, que o son porque non existen. Poñeríalos a xogar cos nomes relacionados cos lugares que coñecen: trobeiro Brión, Beltrán de Noal e que darán lugar a outros que se lles vaian ocorrendo: trobeiro Ames, Beltrán de Milladoiro, e unha vez inventados nomes e nomes crearíamos os personaxes ... Un paso máis alá, collemos aqueles outros absolutamente imaxinarios coma os Sete Reinos da Brétema, as Terras do Escuro Bosco ou a Furna da Infinda Escaleira, escenarios magníficos para ilustrar ou recrear; crear lugares como se crean personaxes e colocar neles todo canto queiramos. Personaxes que dan para falar como o cabalo de vidro ou o carro de brétema, que semellan sacados dun binomio fantástico de Rodari, e que nos poñerán no camiño de inventar outros xogando con elementos así de contraditorios. A brétema, sempre a brétema definíndonos como país, facendo que naza a fantasía tal e como explicaba Torrente Ballester, aí, en Noia, no Liceo, aquela mañá na que todos entendemos a razón pola que podíamos ver dragóns en vez de carros de vacas achegándose pola corredeira, entre a néboa. Ela é misteriosa e pode reinar sobre o mundo ocultándoo aos ollos e creando seres inexistentes, en contos que contamos e escribimos con lindes desdebuxadas.

E entre a brétema un cabalo de vidro, achegándose a nós desde os anos cincuenta do século pasado, e nel o poeta traéndonos un imaxinario propio, xa construído para sempre, coma unha torre no ar.



Rosana Calvo Agraso

Poesía

Quijote

Alejandro Brabo

*Junto a los nuevos molinos,
Que van poblando el camino
Por donde vuelvo a pasar,
Quiero encontrar mi destino .*

*Y unir mi triste figura,
A la tuya Don Quijote,
Para juntos cabalgar,
Sobre tu fiel Rocinante,
De la llanura hasta el mar .*

*Quiero verte caballero
Recorrer el mundo entero,
Como hiciste en el pasado,
Siendo tu fiel escudero,
El brazo donde apoyar .*

*Cabalga de nuevo amigo,
Blande tu lanza conmigo,
Y acomete sin desmayo,
Esta última aventura,
A lomos de tu caballo,
Que no pare de trotar .*

*Vuelva tu noble figura,
A acometer con bravura,
El destino renovado,
Para el que fuiste llamado,
Vuelve de nuevo a luchar.*

*Enarbolando tu espada,
Contra molinos de viento,
Renueva el aire conmigo,
Caballero, fiel amigo,
Renueva el tiempo perdido,
Y no dejes de luchar .*

*Pelea contra el olvido
De valores escondidos ,
pelea a brazo partido,
caballero, fiel amigo,
renueva este nuevo siglo
que nos hace naufragar.*

*Cabalar quiero contigo,
Fundándome en el camino,
Con tu sombra y tu figura,
Con tu yelmo y tu armadura,
¡ nunca dejar de soñar ¡ .*

*Dame fuerzas, buen amigo,
Dame fuerzas, caballero,
Cabalar contigo quiero,
Sobre las olas del mar .*

*Deja que libre contigo,
Batallas contra molinos,
Compartiendo tu destino,
Sin miedo quiero luchar.*

*Y que de loco me tachen,
Pues prefiero tu locura,
A vivir en la amargura
De su mezquina ruindad.*

*Cabalga de nuevo, amigo,
Seré tu fiel escudero,
Recorriendo el mundo entero,
Lleva mi alma contigo,
Para enseñarme el camino,
Por donde debo pasar .*

*Alza tu vista de nuevo,
Y monta en tu cabalgadura,
Como versó , León Felipe,
“Por la manchega llanura”,
Muéstrame tus ojos fieros,
Cabalar contigo quiero,
Valeroso caballero,
Contigo quiero luchar .*

*Cabalar quiero contigo,
Siendo a tu lado testigo,
De tus glorias y leyendas,
Caballero del olvido,
Cabalar quiero contigo,
Hasta perderme en el mar .*


Recunchos de Noia

Pomponius Mela



IGREXA DE SANTA MARIA A NOVA


RÚA DO CURRO



ALTAR DE SANTA MARIA A NOVA

Os nosos libros

Xerardo Agra Foxo




Agustín Agra **A treboada de C**

Xunta de Galicia / 21x15 cm / 124 páxinas.

Esta é a terceira obra narrativa deste biólogo e profesor de Ensino Secundario no IES da Cachada (Boiro). Primeiro publicou *O tesouro da lagoa de Reid`Is* (Premio Merlin 2006 de Literatura Infantil). Dous anos despois escribiu a novela curta *Cazaría salvaxe* (2008).

O cambio climático é fío argumental de *A treboada de C*. Por este sorprendente texto circulan un feixe de personaxes radicais –no sentido de non quedarse nas follas e profundar no asunto, procurando a raíz da problemática–; uns antiheroes rebeldes, que disparan a eito sobre algunhas das múltiples causas, as que máis directamente nos incumben, dun conflito global: incendios, sobre explotación pesqueira, especulación urbanística, consumismo desaforado...

Malia todo, estas páxinas pretenden fuxir dos dogmas e do tufo a moral que adoita acompañar a moitas obras de literatura xuvenil. Tamén intenta levar á reflexión, a que o lector/a non permaneza indiferente e acade a súa propia opinión sobre os diferentes vértices de tan complexo asunto.



José Barroso Castro

Xoán Neira Pérez

A vida e a fala dun pobo: “A fala do tempo”

Editorial Toxosoutos / 25x18 cm. / 610 páxinas

Esta salientable obra está escrita por dous autores: José Barroso Castro (Salamanca, 1964), que é Doutor polo Cornell University de Nova York; e Xoán Neira Pérez (A Pobra do Caramiñal, 1971), Licenciado en Teoloxía e Estudos Eclesiásticos pola Universidade Pontificia de Salamanca.

A fala do tempo constitúe un excelente e documentado traballo sobre a historia da Lingua Galega e a historia das relacións de convivencia dos clérigos, gremios e notarios na Galicia dos séculos XIV-XIX. A estrutura da obra xira ao redor do estudo de 63 documentos inéditos. Todos eles escritos e relacionados coa costa occidental de Galicia, concretamente coa vila de Noia, durante unha época na que o comercio exterior marítimo e a actividade mercantil posibilitou o desenvolvemento do urbanismo e a creación das organizacións gremiais.

Os citados documentos, que conteñen datos sobre a Confraría dos Clérigos da Concepción de Noia, atópanse en tres arquivos da nosa xeografía: O Parroquial de San Martiño de Noia, o Catedralicio de Santiago de Compostela e o Parroquial da vila da Pobra do Deán.